

Circular 1/2021, do 8 de abril, sobre os prazos da investigación xudicial do artigo 324 da Lei de axuízamento criminal

1. Cuestións preliminares. 2. Os prazos da investigación xudicial do artigo 324 da LACrim. 2.1 Nova regulación legal. 2.2 O dereito a un proceso sen dilacións indebidas e os prazos regulados polo artigo 324 da LACrim. 2.3 Ámbito obxectivo de aplicación. 3. Presupostos para a prórroga da investigación xudicial. 4. Delimitación das facultades do órgano instrutor e das partes en relación coa prórroga da investigación xudicial. 5. Cómputo dos prazos. 5.1 Determinación do *dies a quo*. 5.2 *Dies ad quem* da investigación xudicial. 6. Interrupción do cómputo. 7. Os efectos do transcurso dos prazos da investigación xudicial. 7.1 Prórroga extemporánea da fase de investigación xudicial. 7.2 Réxime xurídico das dilixencias practicadas extemporaneamente. 7.2.1 Dilixencias acordadas con anterioridade ao esgotamento do prazo. 7.2.2 Réxime das dilixencias acordadas e practicadas extemporaneamente. 8. A declaración en calidade de investigado/a tras a expiración dos prazos do artigo 324 da LACrim. 9. A petición de dilixencias complementarias tras a conclusión da fase de instrución. 10. A actividade extraprocésual do Ministerio Fiscal ante procedementos provisionalmente sobresidos. 11. Actividade extraprocésual e prazos procesuais da investigación xudicial. 12. Réxime transitorio aplicable ás causas incoadas con anterioridade á entrada en vigor da reforma. 13. Cláusula derogatoria. 14. Conclusións.

1. Cuestións preliminares

Transcorridos cinco anos desde a instauración dun sistema de prazos de instrución en virtude da Lei 41/2015, do 5 de outubro, *de modificación da Lei de axuízamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais*, pódese concluír que o balance desta medida lexislativa resultou abertamente insatisfactorio. De tal afirmación dan fe os diversos intentos de derogación e/ou reforma promovidos por boa parte do arco parlamentario, así como as apreciacións e críticas provenientes da máis cualificada doutrina académica, asociacións profesionais de fiscais e xuíces e a propia Fiscalía Xeral do Estado^{1 2}.

¹ Memoria 2016: https://www.fiscal.es/memorias/memoria2016/FISCALIA_SITE/index.html.

² Memoria 2019: https://www.fiscal.es/memorias/memoria2019/FISCALIA_SITE/index.html.

A práctica forense, o transcurso do tempo e os datos estatísticos viñeron a confirmar o que unha mera lectura do artigo 324 da LACrim –na redacción ofrecida pola Lei 41/2015, do 5 de outubro– permitía inferir desde un primeiro momento, isto é, que a implantación dun sistema de prazos nos termos previstos polo lexislador de 2015 dificultaba as posibilidades de investigación criminal e que, lonxe de proporcionar maior celeridade á xustiza penal, incrementaba a carga burocrática dunha infradotada Fiscalía, ao tempo que transmitía, en palabras da Memoria da FXE de 2019 (exercicio 2018), «unha aparencia de impunidade en certos asuntos que contribuíu a unha desmedra da imaxe institucional do Ministerio Fiscal» e de todo o servizo público da Xustiza.

A aplicación polos nosos tribunais do novo sistema de prazos evidenciou que as dilacións do procedemento penal que o lexislador pretendía acoutar coa reforma obedecían maioritariamente, ademais de a unha secular escaseza de medios materiais e humanos na Administración de xustiza, a unha lexislación procesual disonante cos modelos de Dereito comparado do noso ámbito cultural máis próximo e que se revelou escasamente eficaz e eficiente para combater a criminalidade, en particular as novas e máis complexas modalidades delituosas.

Parece de xustiza subliñar aquí que o efectivo cumprimento do sistema de prazos instaurado en 2015 resultou posible grazas ao extraordinario e exemplar esforzo desenvolvido polos e polas fiscais, pois neles descansou en boa parte o control das causas en tramitación, sen desmerecer en ningún caso o traballo realizado por outros operadores xurídicos.

O lexislador de 2020 optou por unha nova redacción da norma, introducida en virtude da Lei 2/2020, do 27 de xullo, *pola que se modifica o artigo 324 da Lei de axuízamento criminal*. O seu preámbulo reconece que «establecer sen máis un límite máximo á duración da instrución se evidenciou pernicioso, por canto pode conducir á impunidade da persecución de delitos complexos», pero ao tempo considera que «debe articularse un sistema que cohoneste a eficacia do proceso penal cos dereitos fundamentais de presunción de inocencia, dereito de defensa e a un proceso con todas as garantías que se tramite nun prazo razoable».

Resulta obrigado, daquela, actualizar os criterios que deberán rexer a actuación das/dos señoras/es fiscais conforme o novo sistema de prazos introducido pola Lei 2/2020, do 27 de xullo, *pola que se modifica o artigo 324 da Lei de axuizamento criminal*.

2. Os prazos da investigación xudicial do artigo 324 da LACrim

2.1 Nova regulación legal

A redacción ofrecida ao artigo 324 da LACrim pola Lei 2/2020, do 27 de xullo, simplificou notablemente o sistema de prazos da fase de investigación xudicial, ao establecer un único prazo de doce meses para a instrución das causas penais, prorrogable por sucesivos e ilimitados períodos de ata seis meses de duración, sen outro límite có necesario para lograr a consecución dos fins atribuídos polo artigo 299 da LACrim á fase sumarial.

O lexislador de 2020 deulle ao artigo 324 da LACrim o seguinte teor:

1. A investigación xudicial desenvolverase nun prazo máximo de doce meses desde a incoación da causa.

Se, con anterioridade á finalización do prazo, se constata que non será posible finalizar a investigación, o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, oídas as partes, poderá acordar prórrogas sucesivas por períodos iguais ou inferiores a seis meses.

As prórrogas adoptaranse mediante auto onde se exporán razoadamente as causas que impediron finalizar a investigación en prazo, así como as dilixencias concretas que cómpre practicar e a súa relevancia para a investigación. Se for o caso, a denegación da prórroga tamén se acordará mediante resolución motivada.

2. As dilixencias de investigación acordadas con anterioridade ao transcurso do prazo ou das súas prórrogas serán válidas, aínda que se reciban tras a expiración deste.

3. Se, antes da finalización do prazo ou dalgunha das súas prórrogas, o instructor non ditou a resolución a que fai referencia o número 1, ou ben esta foi revogada por vía de recurso, non serán válidas as dilixencias acordadas a partir da dita data.

4. O xuíz concluirá a instrución cando entenda que cumpriu a súa finalidade. Transcorrido o prazo máximo ou as súas prórrogas, o instructor ditará auto de conclusión do sumario ou, no procedemento abreviado, a resolución que proceda.

A reforma non se limitou a introducir unha mera ampliación do prazo ordinario da fase de investigación xudicial, senón que supuxo unha profunda modificación do sistema, cuxas principais novidades son as seguintes:

- i) A supresión da delimitación conceptual entre causas sinxelas e complexas.
- ii) A substitución dun límite temporal máximo para a fase de instrución pola configuración dun control periódico sobre a concorrencia dos presupostos materiais necesarios para a prosecución da investigación xudicial.
- iii) A posibilidade de que o/a xuíz/a poida declarar de oficio a prórroga da súa investigación.
- iv) A facultade de acordar sucesivas prórrogas da investigación xudicial por un período máximo de seis meses cada unha delas.
- v) A previsión de que todas as partes, non só o Ministerio Fiscal, poidan instar a prórroga da investigación xudicial.
- vi) A supresión de supostos de interrupción dos prazos de instrución.
- vii) A omisión de referencia ou limitación calquera acerca da posibilidade de practicar dilixencias complementarias.
- viii) A eliminación dun réxime específico de impugnación das resolucións polas que se declare ou denegue a prórroga da investigación.

2.2 O dereito a un proceso sen dilacións indebidas e os prazos regulados polo artigo 324 da LACrim

O lexislador non ofreceu unha definición normativa do dereito a un proceso sen dilacións indebidas que permita delimitar cunha mínima precisión o seu contido. De aí que, sen prexuízo da súa configuración como dereito fundamental e como garantía procesual a través do cal tutelar a duración das actuacións procesuais, a referencia a un proceso sen dilacións indebidas apareza, ante todo, como un concepto xurídico indeterminado. Neste sentido resulta ilustrativa a STC 103/2016, do 6 de xuño (FX 5º), cando afirma:

(...) este dereito é unha expresión constitucional que encerra un concepto xurídico indeterminado que, pola súa imprecisión, esixe examinar cada suposto concreto á luz daqueles criterios que permitan verificar se existiu efectiva dilación e, se for o caso, se esta se pode considerar xustificada, porque non toda infracción dos prazos procesuais ou toda excesiva duración temporal das actuacións xudiciais supón unha vulneración do dereito fundamental que estamos comentando (por todas, STC 54/2014, do 10 de abril, FX 4), sen que, por outra parte, o dereito fundamental referido se poida identificar cun dereito ao rigoroso cumprimento dos prazos procesuais, configurándose a partir da dimensión temporal de todo proceso e da súa razoabilidade (STC 142/2020, do 21 de decembro, FX 3).

Xa que logo, os nosos tribunais, facendo súa a doutrina do TEDH en relación co artigo 6.1 do CEDH, conviñeron na necesidade de que o axuizamento acerca da posible vulneración do dereito a un proceso sen dilacións indebidas se realice conforme determinados parámetros: a complexidade do proceso, a actitude procesual do investigado, a dilixencia do órgano xudicial e a duración normal ou ordinaria doutros litixios similares. Resulta de particular interese ao respecto a STS 29/2021, do 20 de xaneiro (FX 1º), cando dispón:

(...) o dereito fundamental a un proceso sen dilacións indebidas, que non é identificable co dereito procesual ao cumprimento dos prazos establecidos nas leis, impón aos órganos xurisdicionais a obriga de resolver as cuestións que lles sexan sometidas, e tamén executar o resolto, nun tempo razoable. Trátase, polo tanto, dun concepto indeterminado que require para a súa concreción o exame

das actuacións procesuais, a fin de comprobar en cada caso se efectivamente existiu un atraso na tramitación da causa que non apareza suficientemente xustificado pola súa complexidade ou por outras razóns, e que sexa imputable ao órgano xurisdiccional e non precisamente a quen reclama. En particular débese valorar a complexidade da causa, o comportamento do interesado e a actuación das autoridades competentes (STEDH do 28 de outubro de 2003, caso González Doria Durán de Quiroga c. España e STEDH do 28 outubro de 2003, caso López Solé y Martín de Vargas c. España, e as que nelas se citan).

Pódese concluír, polo tanto, que o dereito a un proceso sen dilacións indebidas proclamado polo artigo 24.2 da CE –ao igual có dereito a un proceso en prazo razoable consagrado no artigo 6 do CEDH– se identifica en realidade co dereito que asiste ás partes a que a tramitación do procedemento sexa desenvolta polo órgano xudicial de xeito dilixente e áxil, evitando en todo momento a práctica de actuacións inútiles. De aí que, como sinalan as SSTEDH do 2 de febreiro de 2006 (rec. núm. 41211/1998) e do 20 de maio de 2014 (rec. núm. 73593/2010), «a razoabilidade da duración do procedemento deba avaliarse de acordo coas circunstancias do caso e tendo en conta os criterios establecidos pola xurisprudencia do tribunal, en particular a complexidade do caso e a conduta do solicitante e das autoridades competentes».

Por conseguinte, non resulta posible delimitar o contido do dereito a un proceso sen dilacións indebidas de acordo con criterios absolutos, debéndose fuxir de apriorismos que vinculen a súa posible vulneración coa infracción de prazos procesuais predeterminados conforme a criterios abstractos que impidan singularizar as concretas circunstancias concorrentes na tramitación de cada procedemento.

Razóns de orde formal e natureza constitucional impiden afirmar que o artigo 324 da LACrim desenvolva o dereito fundamental a un proceso sen dilacións indebidas, pois debe lembrarse que o sistema de prazos foi instaurado consonte a reforma operada pola Lei 41/2015, do 5 de outubro, cuxa redacción resultou posteriormente modificada pola Lei 2/2020, do 27 de xullo; en ambos os casos leis ordinarias e, por conseguinte, inidóneas –en principio– para o obxecto de desenvolver dereito fundamental ningún, de acordo co preceptuado polo artigo 81.1 da CE. Se considerásemos que o artigo 324 da LACrim comporta unha afectación directa ao núcleo do dereito fundamental a un

proceso sen dilacións indebidas, non había ser posible a súa introdución mediante lei ordinaria, de acordo co artigo 53 da CE. Neste senso, a STC 53/2002, do 27 de febreiro (FX 12º), dispón:

Precisando aínda máis esta doutrina, na STC 292/2000, do 30 de novembro, FX 11, analizamos con detemento cando a imposición de límites a un dereito fundamental cae na reserva de lei orgánica (art. 81.1 da CE) e cando se pode considerar unha regulación do exercicio do dereito (art. 53.1 da CE) non reservado a aquela forma legal. Dixemos entón que os límites legais ou ben poden ser restricións directas do dereito fundamental mesmo, ou ben poden ser restricións ao modo, tempo ou lugar de exercicio do dereito fundamental. No primeiro caso, regular eses límites é unha forma de desenvolvemento do dereito fundamental. No segundo, os límites que se fixan sono á forma concreta na que cabe exercer o feixe de facultades que compón o contido do dereito fundamental en cuestión, constituíndo unha maneira de regular o seu exercicio, o que pode facer o lexislador ordinario a teor do disposto no artigo 53.1 da CE.

A xurisprudencia emanada do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos diferencia entre *proceso sen dilacións* e *proceso sen dilacións indebidas*, así como entre *proceso en prazo* e *proceso en prazo razoable*. A fixación dun prazo máximo para a investigación xudicial non contribúe necesariamente a determinar cando unha dilación debe ser reputada indebida ou un prazo cualificado como irrazoable.

Certamente, o lexislador atópase facultado para fixar prazos máximos para o exercicio das actuacións procesuais. Porén, isto non permite entender que as actuacións desenvolvidas en prazo se mostren respectuosas co dereito ao proceso sen dilacións indebidas. Claro exemplo de canto se afirma resulta da circunstancia de que en caso de se derrogar o sistema de prazos do artigo 324 da LACrim, en nada afectaría á cualificación como debidas ou indebidas das dilacións que se puidesen producir durante a fase de investigación xudicial. Disto se infire que o artigo 324 da LACrim aparece como un criterio orientador, pois a apreciación dunha dilación como indebida non resulta do mero transcurso dos prazos procesuais, senón das razóns que subxacen á duración mesma do procedemento e, máis en concreto, á falta de dilixencia na súa

tramitación. Neste sentido resulta oportuno citar o ATS 151/2020, do 30 de xaneiro (FX 2º), cando dispón:

(...) a resposta dada é conforme coa xurisprudencia desta sala, que a propósito do novo artigo 324 da LACrim declarou na STS 455/2017, do 21 de xuño –con cita na STS 400/2017, do 1 de xuño– que este pode servir como pauta interpretativa á hora de determinar cando unha dilación do procedemento é extraordinaria, pero isto é sempre relativo tendo en conta os distintos factores que converxen, o que esixe unha coidadosa análise dos distintos casos. Ademais, a dilación deber ser indebida, con independencia do tempo transcorrido entre un e outro trámite e das circunstancias de cada un daqueles. De aí que a mera relación dos períodos de paralización non é suficiente se non se explica o porqué de cada un.

A irregularidade concretada en omitir unha resolución para ampliar o prazo de instrución non aboca á atenuante do artigo 21.6ª do CP. Se o prazo global de duración do proceso non excede o razoable, de ningunha maneira se pode falar de dilacións indebidas no sentido esixido polo artigo 21.6ª do CP (STS 368/2018, do 18 de xullo).

De notable interese sobre esta cuestión resulta, así mesmo, a recente STS 66/2021, do 28 de xaneiro (FX 2º), ao sinalar:

Como este tribunal mantivo de forma reiterada, o simple incumprimento dos prazos procesuais non xustifica a solución atenuatoria propugnada [circunstancia atenuante de dilacións indebidas] –vide SSTs 703/2018, do 14 xaneiro; 705/2020, do 17 de decembro–.

O transcurso do tempo no proceso penal por incumprimentos de prazos procesuais pode comportar diferentes consecuencias que, en atención ao contexto no que a disfunción temporal se produce, non pasan de forma necesaria pola atenuación da responsabilidade (...).

Transcurso do tempo que, tamén, desde logo, pode fundar a atenuación da responsabilidade penal declarada. Pero para iso débese identificar, primeiro, o

carácter indebido e extraordinario do tempo transcorrido e, segundo, unha taxa significativa de aflitividade para a persoa afectada que supere a que se pode esperar do propio desenvolvemento de todo o proceso no que está en xogo a liberdade persoal.

É precisamente o dito plus aflitivo polo excesivo transcurso do tempo, ao comportar unha sorte de pena natural, o que xustifica a súa compensación mediante a atenuación específica.

Unha resposta xudicial tardía pode chegar a frustrar as lexítimas expectativas e pretensións de quen como ofendido ou prexudicado polo delito reclame o auxilio da Administración de xustiza, converténdose, á súa vez, nunha sorte de retribución anticipada para o suxeito sometido a investigación, froito do carácter aflitivo inherente á propia condición de suxeito pasivo do procedemento. De aí que se postulase a oportunidade de limitar os prazos da fase de instrución a fin de eludir o risco de someter *sine die* a persoa investigada a un proceso penal, fixando para tal efecto prazos que en abstracto se reputen óptimos para desenvolver a investigación criminal nun tempo razoable e sen prexuízo da posibilidade de admitir excepcións ante supostos de particular complexidade que xustifiquen a ampliación da súa duración.

No entanto, o artigo 324 da LACrim non establece un sistema idóneo para conxurar plenamente as penalidades asociadas á condición procesual da persoa investigada, pois no noso sistema as consecuencias asociadas a aquela condición poden resultar previas á atribución da mesma polo órgano xudicial.

Así as cousas, á marxe da investigación que a Policía Xudicial poida desenvolver con anterioridade á incoación do proceso penal, o noso sistema procesual atribúelle ao Ministerio Fiscal a facultade de practicar dilixencias de investigación de natureza preprocesual (arts. 5 do EOMF e 773 da LACrim) no curso das cales poderá atribuír o status de investigado/a a calquera persoa, o que sen dúbida pode ter transcendencia no plano persoal e na orde social para o suxeito sometido a investigación. Dilixencias de investigación que, conforme o preceptuado polo artigo 5 do EOMF, se poderán desenvolver durante prazos de seis meses –doce meses no suposto dos delitos previstos no artigo 19.4 do EOMF–, susceptibles de sucesivas e ilimitadas prórrogas por idéntico período.

O feito de que o artigo 324 da LACrim non tome en consideración os lapsos temporais durante os que a persoa investigada se vira sometida á investigación da Fiscalía ou da Policía Xudicial revela a auténtica natureza daqueles prazos. De se atoparen estes intimamente conectados co dereito fundamental a un proceso sen dilacións indebidas, o seu cómputo debería integrar necesariamente todos os períodos de investigación durante os que o suxeito pasivo da mesma se vira sometido aos inconvenientes asociados a esa condición, pois o contrario poderíase considerar unha mera fraude de etiquetas. Lonxe diso, os artigos 5 do EOMF e 324 da LACrim configuran un sistema de prazos para a investigación penal que non afecta de forma directa ao contido do dereito a un proceso sen dilacións indebidas.

Por conseguinte, o modo en que o artigo 324 da LACrim articula o cómputo dos prazos da fase de investigación xudicial revela que nos achamos ante prazos procesuais cuxa finalidade é ordenar o curso do procedemento, sen conexión directa cos artigos 24.2 da CE e 6.1 do CEDH.

O vixente artigo 324.1 da LACrim sinala que «[a] investigación xudicial se desenvolverá nun prazo máximo de doce meses desde a incoación da causa». Pódese afirmar, polo tanto, que o inicio do prazo terá lugar desde o momento da incoación do procedemento xudicial, quedando excluída do cómputo calquera dilixencia que a Policía Xudicial ou o Ministerio Fiscal desenvolvera con anterioridade a aquel momento.

Por outro lado, o cómputo do sistema de prazos da investigación xudicial iníciase e desenvólvese á marxe da atribución da condición de investigado/a, na medida en que nace desde o momento en que se incoa o procedemento penal, aínda que non existan elementos que permitan atribuír a comisión do feito a persoa ningunha.

De aí que resulte difícil conectar o contido do artigo 324 da LACrim co dereito fundamental a un proceso sen dilacións indebidas ou co dereito a un proceso equitativo en prazo razoable, pois polo que ao suxeito pasivo do procedemento se refire, parece evidente que nos encontramos ante dereitos cuxo nacemento se deberá vincular á efectiva atribución da condición de investigado ao seu titular. Deste xeito, a STS 559/2020, do 29 de outubro (FX 3º), dispón:

(...) tamén é certo que en canto ao inicio do cómputo do tempo das posibles dilacións, non se debe tomar en conta a data dos feitos (...). Así a xurisprudencia, por exemplo a STS 841/2015, do 30 de decembro, declarou que o dereito se refire ao proceso sen dilacións, non a un hipotético e exótico dereito do autor dun delito a un descubrimento rápido tanto da infracción penal coma da súa implicación nela (STS 250/2014, do 14 de marzo). Desde a comisión do feito ata a incoación do proceso penal non hai afectación de dereito fundamental ningún. O cómputo comezará cando se adquira a condición de imputado. Só nese momento se produce o padecemento que supón estar sometido a un proceso (posibles medidas cautelares, obriga apud acta, desacougo derivado da incerteza do seguimento do proceso...) e que enlaza coa idea de pena natural, latente na construción dogmática da atenuante de dilacións indebidas.

En idéntico sentido, *vide* ATS 740/2020, do 22 de outubro; ou as SSTS 528/2020, do 21 de outubro; 457/2020, do 17 de setembro; 366/2020, do 2 de xullo; 273/2020, do 3 de xuño.

En similares termos se pronuncia a STEDH do 25 de novembro de 2010, ao afirmar que:

(...) o prazo a tomar en consideración para determinar a duración do proceso penal comeza co día en que se “imputa” a unha persoa no sentido autónomo e substantivo que se lle confira a ese termo. Termina o día en que finalmente se determina a súa responsabilidade ou se termina o proceso (vide SSTEDH, asunto Gil Leal Pereira c. Portugal, do 31 de outubro de 2002; asunto Eckle c. Alemaña, do 15 de xullo de 1982; asunto UHL contra Alemaña, do 10 de febreiro de 2005).

Noutra orde de cousas, o actual parágrafo segundo do artigo 324.1 da LACrim confirma que os prazos non operan a xeito de límite absoluto da investigación criminal, pois segundo dispón o precepto, «[s]e, con anterioridade á finalización do prazo, se constata que non será posible finalizar a investigación, o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, oídas as partes, poderá acordar prórrogas sucesivas por períodos iguais ou inferiores a seis meses».

Esta circunstancia permite inferir que o artigo 324 da LACrim se limita a impoñer ao órgano xudicial a obriga de revisar periodicamente o curso das actuacións, a fin de constatar o estado de execución das dilixencias cuxa práctica foi previamente acordada e o resultado das mesmas, así como a necesidade de practicar outras novas ou, se for o caso, poñer fin á fase de instrución sobrendo as actuacións ou avanzando á fase intermedia do procedemento. Esta previsión resulta idónea a fin de garantir un mínimo seguimento e control dos procedementos xudiciais en curso, evitando así posibles paralizacións durante longos períodos de tempo, o que redundará nunha tramitación máis áxil e dilixente dos mesmos.

Porén, o feito de que o precepto implemente unha previsión apta para axilizar o curso dos procedementos penais non permite conectar o seu contido, sen máis, cos artigos 24.2 da CE e 6.1 do CEDH. O actual artigo 324 da LACrim non establece un límite máximo de duración, nin de forma absoluta nin en función de que a instrución se considere simple ou complexa. Por conseguinte, non é posible vincular os prazos –máis ca dun modo remoto– co tempo razoable para a tramitación do procedemento.

Non toda infracción das normas procesuais supón a vulneración do dereito a un proceso con todas as garantías, pois en última instancia isto conduciría inexorablemente á constitucionalización dos meros formalismos (*vide* SSTs 407/2020, do 20 de xullo; 173/2018, do 11 de abril; 255/2017, do 6 de abril).

En definitiva, o carácter razoable da duración dun procedemento non depende da mera prórroga dun prazo procesual, senón que vén delimitado pola dilixencia e celeridade con que se desenvolveu a actividade instrutora.

2.3 Ámbito obxectivo de aplicación

O novo artigo 324 da LACrim suprimiu a previsión contida na redacción precedente acerca de que os prazos se deban computar desde a data de incoación do sumario ou das dilixencias previas, limitándose agora a conectar o inicio do cómputo coa máis xenérica referencia á «incoación da causa».

A pesar do anterior, o ámbito de aplicación do vixente artigo 324 da LACrim debe seguir circunscribíndose exclusivamente aos procedementos tramitados como

procedemento ordinario e como dilixencias previas, por razóns análogas ás xa sinaladas na Circular da FXE núm. 5/2015, *sobre os prazos máximos da fase de instrución*, que se asumen integramente. Por conseguinte, quedan excluídos do ámbito de aplicación do precepto os procedementos ante o tribunal do xurado, para o axuizamento rápido de determinados delitos, por aceptación de decreto e para o xuízo sobre delitos leves.

A conclusión anterior infírese da previsión contida no apartado 4º do artigo 324 da LACrim, cando dispón que «[t]ranscorrido o prazo máximo ou as súas prórrogas, o instrutor ditará auto de conclusión do sumario ou, no procedemento abreviado, a resolución que proceda». Deste xeito, o lexislador limita a aplicación dos prazos da fase de investigación xudicial ás modalidades procedementais expresamente referidas no precepto.

3. Presupostos para a prórroga da investigación xudicial

O derogado artigo 324 da LACrim contemplaba a posibilidade de que o prazo ordinario da fase de investigación xudicial –seis meses de duración– puidese ser ampliado naqueles casos en que a instrución fose declarada complexa *ab initio* ou de forma sobrevida por concorrer algunha ou varias das circunstancias a que se refería no seu apartado segundo.

Ademais, o precepto facía referencia á posibilidade de prorrogar a duración da instrución cando por concorreren «circunstancias sobrevidas á investigación, esta non se poida completar razoablemente no prazo». Esta previsión xerou unha notable inseguridade xurídica froito da indefinición acerca do que se debe entender por «circunstancias sobrevidas á investigación».

A maior parte das resolucións das audiencias provinciais precisaron que aquelas causas ou circunstancias sobrevidas se debían limitar ás que se suscitasen *ad intra* durante o curso da investigación, quedando excluídas as que proviñesen dun déficit estrutural de organización da Administración de xustiza, así como aqueloutras que resultasen imputables á mera pasividade ou falta de dilixencia do órgano xudicial (*vide* AAP de Madrid 889/2019, do 6 de novembro; AAP de Tarragona 822/2019, do 29 de outubro; AAP de Barcelona 303/2019, do 2 de maio; AAP de Pontevedra 211/2019, do 3 de

abril; AAP de Las Palmas de Gran Canaria 261/2018, do 2 de maio; AAP de Lleida 615/2017, do 13 de decembro).

Na nova redacción ofrecida ao artigo 324 da LACrim, o único presuposto cuxa concorrencia se esixe –con vistas a prorrogar a duración da instrución– consiste en que o/a xuíz/a constate motivadamente a imposibilidade de finalizala como consecuencia da necesidade de practicar dilixencias relevantes para o curso da investigación.

Por conseguinte, a prórroga da investigación xudicial resultará xuridicamente admisible sempre que concorran os presupostos materiais antes referidos, con independencia das razóns que impidiran a práctica daquelas dilixencias que se coiden necesarias para lograr a consecución dos fins descritos polo artigo 299 da LACrim, e de que esa imposibilidade resulte imputable ao órgano xudicial ou á aparición de circunstancias sobrevidas durante o curso da investigación.

Se a *voluntas legislatoris* fose a de impedir a prosecución daquelas investigacións en que a actividade procesual despregada foi pouco dilixente, habíase facer constar mediante a redacción dunha cláusula que así o contemplara. Boa mostra disto é o feito de que non prosperaran aquelas emendas introducidas durante a tramitación da proposición de Lei núm. 122/000024 (BOCX do 29 de abril de 2020), *de derogación do prazo máximo previsto para a instrución na Lei de axuízamento criminal*, nas que se propoñía que «deberá poñerse fin á instrución cando transcorra un prazo de seis meses sen que se leve a cabo ningunha dilixencia de investigación».

En definitiva, a finalidade do precepto non é outra cá de lle impoñer ao órgano xudicial a obriga de controlar periodicamente o curso da investigación co obxecto de verificar o estado das dilixencias acordadas, así como valorar a necesidade de practicar outras novas ou, se for o caso, concluír a instrución, ben decretando o sobresemento, ben a conclusión do sumario ou a apertura da fase intermedia do procedemento abreviado.

O lexislador deseña así un sistema que permite harmonizar o dereito a unha máis áxil tramitación dos procedementos penais e o dereito á tutela xudicial efectiva, instaurando mecanismos que garantan o periódico control e actualización do estado dos procedementos, sen que o dereito das partes a obter a tutela das súas lexítimas pretensións se poida ver rabenado pola concorrencia de circunstancias sobrevidas,

presupostos de natureza exclusivamente formal ou pola falta de dilixencia ou celeridade na actuación procesual, as máis das veces motivado por causas de orde estrutural.

Noutra orde de cousas, a resolución pola que o órgano xudicial decreta a prórroga da investigación deberá revestir –*ex art. 324.1.III da LACrim*– a forma de auto, no que o/a xuíz/a ha expor as razóns que impediron concluír a investigación desenvolta ata ese momento, así como indicar as concretas dilixencias que aínda resulta preciso practicar, con expresión dos motivos polos que estas se consideran relevantes para concluír a fase de instrución.

O deber de motivación da referida resolución cobra agora unha particular relevancia consonte o novo deseño procesual ofrecido polo artigo 324 da LACrim. En consecuencia, as/os señoras/es fiscais velarán por que a resolución xudicial que decreta a prórroga da duración da investigación exprese as razóns que aconsellan a súa continuación, así como as concretas dilixencias que restan por practicar, con expresión dos motivos polos que estas se consideran relevantes para concluír a fase de instrución.

4. Delimitación das facultades do órgano instructor e das partes en relación coa prórroga da investigación xudicial

De conformidade coa redacción do artigo 324 da LACrim ofrecida pola Lei 41/2015, do 5 de outubro, a xurisprudencia interpretou maioritariamente que a ampliación da duración da fase de instrución precisaba da previa solicitude do Ministerio Fiscal, coa excepción do denominado prazo máximo previsto no seu apartado 4º, no que o legislador admitiu de modo expreso que a solicitude poida ser efectuada por calquera das partes constituídas no procedemento (*vide* SSTs 470/2017, do 22 de xuño; 214/2018, do 8 de maio; e AATS 504/2019, do 2 de abril; 164/2020, do 23 de xaneiro).

O derogado artigo 324 da LACrim tomou como fonte de inspiración o frustrado proxecto de Código procesual penal de 2013, unha de cuxas principais novidades residía en lle atribuír ao Ministerio Fiscal a dirección da investigación criminal. Boa parte dos problemas técnicos e prácticos asociados á configuración do sistema de prazos instaurado pola Lei 41/2015, do 5 de outubro, encontran a súa xénese no feito de que se trasladase á nosa lei rituaría un modelo procesual concibido arredor da figura do fiscal investigador. No entanto, a reforma operada pola Lei 41/2015 non alterou a

configuración da fase investigadora do procedemento, cuxa dirección lle seguiu correspondendo ao órgano xudicial, creándose así un evidente paradoxo procesual ao vincular a posibilidade de ampliar o prazo das investigacións xudiciais á previa petición do Ministerio Fiscal.

A actual redacción do parágrafo segundo do artigo 324 da LACrim deu cabo a tal incoherencia, atribuíndolle ao xuíz a facultade de ampliar de oficio a duración da súa investigación. O lexislador de 2020 adoptou unha opción máis coherente e respectuosa co actual deseño procesual, consistente en atribuír a facultade de decidir sobre o curso da investigación a quen a dirixe e a quen, por esa mesma razón, lle está encomendada a consecución das finalidades descritas no artigo 299 da LACrim. Todo isto sen prexuízo, evidentemente, do auxilio que a tal fin pode e debe prestar o Ministerio Fiscal de acordo coas altas funcións e responsabilidades que o ordenamento xurídico lle atribúe.

Por conseguinte, os prazos regulados polo novo artigo 324 da LACrim deben ser reputados como prazos xudiciais, pois a súa ampliación, á diferenza da regulación anterior, non aparece condicionada á previa petición de parte.

Como novidade, o parágrafo segundo do artigo 324.1 da LACrim introduciu a posibilidade de que todas as partes do proceso penal –activas e pasivas– poidan promover por igual ante o órgano xudicial a prórroga da investigación. Esta previsión legal estímase máis respectuosa cos dereitos á tutela xudicial efectiva, a utilizar todos os medios de proba e a un proceso con todas garantías, sendo incontrovertida a lexitimación do Ministerio Fiscal para invocar e promover a defensa destes dereitos (*vide* STC 17/2006, do 30 de xaneiro; SSTS 141/2015, do 3 de marzo; 508/2015, do 27 de xullo; 841/2016, do 8 de novembro; 288/2018, do 14 de xuño; 352/2019, do 10 de xullo; 271/2020, do 2 de xuño).

A reforma operou unha profunda transformación no rol asignado ao Ministerio Fiscal en relación co control dos prazos procesuais do artigo 324 da LACrim. Se consoante a redacción da Lei 41/2015 o Ministerio Fiscal se erixía en figura principal dese control, o protagonismo foille trasladado agora ao órgano xudicial encargado de dirixir a instrución. Así se infire da facultade deste para decretar de oficio a prórroga da investigación e mais do feito de que o novo precepto coloque nun plano de igualdade ao

Ministerio Fiscal e ás demais partes procesuais, atribuíndo a todas elas idénticas facultades.

En definitiva, é ao director da investigación xudicial a quen lle compete controlar o curso e duración da mesma e, daquela, determinar a necesidade de ampliar a súa duración co obxecto de practicar cantas dilixencias resulten precisas para lograr a consecución dos fins da instrución, sen prexuízo da función que lle atribúe ao Ministerio Fiscal o artigo 773.1 da LACrim e de que, como xa estableceu a Instrución da FXE núm. 2/2008, *sobre as funcións do fiscal na fase de instrución*, «non é casual que o artigo 3 do EOMF, na súa redacción dada pola Lei 24/2007, do 9 outubro, ao desagregar en dezaseis apartados as obrigas do Ministerio Fiscal, coloque en primeiro lugar a de velar por que a función xurisdiccional se exerza eficazmente conforme as leis e nos prazos e termos nelas sinalados, exercitando, se for o caso, as accións, recursos e actuacións pertinentes. Nin o feito de que a investigación das infraccións penais se inicie directamente ante o xulgado de instrución nin a eventual remisión ao dito órgano das dilixencias de investigación practicadas polo fiscal supón que este poida relaxar a súa obriga de continuar coadxuvando activamente ao bo fin da instrución. (...) A esencia do fiscal como promotor da xustiza é a asunción da iniciativa procesual, defendendo a legalidade procesual desde unha posición activa, estimulando o desenvolvemento áxil das actuacións».

Xa que logo, as/os señoras/es fiscais promoverán ante o órgano xudicial –naqueles casos en que así o consideren pertinente– o pronunciamento das resolucións polas que se decrete a ampliación da fase de investigación, procurando que o/a xuíz/a reclame o parecer das distintas partes constituídas no procedemento (art. 324.1.III da LACrim), así como que o auto en virtude do cal se decrete a prórroga sexa motivado e resulte ditado en prazo.

Así mesmo, as/os señoras/es fiscais deberán interpoñer aqueles recursos que coiden procedentes fronte ás resolucións polas que o/a xuíz/a acorde ou denegue a ampliación da fase de instrución. Para tal efecto, cómpre advertir que o vixente artigo 324 da LACrim –á diferenza da versión aprobada pola Lei 41/2015– non prevé restrición ningunha acerca da posibilidade de impugnar aquelas resolucións, motivo polo que haberá que atender ao réxime xeral establecido nos artigos 216 e ss. e 766 da LACrim.

5. Cómputo dos prazos

5.1 Determinación do *dies a quo*

A nova redacción do artigo 324.1 da LACrim fixa a data de incoación das actuacións como *dies a quo* para o cómputo dos prazos, ao sinalar que «[a] investigación xudicial desenvolverase nun prazo máximo de doce meses desde a incoación da causa».

Como xa advertira a Circular da FXE núm. 5/2015, a determinación do *dies a quo* suscita problemas nos supostos de inhibicións e acumulacións, nos que poden concorrer varios autos de incoación de distinta data. Os criterios que sobre o dito particular se recollían na referida circular asúmense integramente na presente e deben entenderse plenamente aplicables na actualidade.

Así, no caso das inhibicións por cuestións de competencia, a data a ter conta será a do primeiro auto de incoación que se dite, xa que en ningún caso o tempo que a Administración de xustiza empregue en determinar o órgano competente pode ir en detrimento da axilización do procedemento (*vide* AAP de Barcelona 196/2020, do 2 de marzo; SAP de Madrid 108/2020, do 17 de febreiro; AAP de Zaragoza 52/2020, do 24 de xaneiro; AAP de Tarragona 861/2018, do 21 de decembro; AAP de Ciudad Real 204/2018, do 17 de maio; AAP de Pontevedra 474/2017, do 1 de xuño).

Cando se trata de acumulacións o criterio ten que ser necesariamente diferente, xa que estas versarán sobre feitos ou suxeitos distintos, que en principio poderían terse instruído en causas separadas. Como establece o artigo 17 da LACrim, cada delito debe dar lugar á formación dunha causa, pero se concorre algún dos supostos de conexión, a investigación efectuarase nun só procedemento. Neste caso, de existiren varios autos de incoación de dilixencias, o que marque o inicio do cómputo dos prazos deber ser o auto de incoación das últimas dilixencias iniciadas, e isto por razóns de estrita lóxica: por unha banda, se tales dilixencias non se chegaran a acumular, estarían sometidas aos prazos xerais do artigo 324 da LACrim en toda a súa amplitude; por outra, de quedaren vinculadas ao prazo das dilixencias máis antigas, poderíase chegar ao absurdo de que unha vez acumuladas non se dispoña de prazo ningún para a instrución, por estar este xa esgotado.

Algúns tribunais rexeitaron o criterio antes expresado, interpretando que o inicio do cómputo do prazo regulado polo artigo 324.1 da LACrim terá lugar coa incoación do procedemento, «pero sempre que a dita resolución incorpore un plan investigativo programado», rexeitando dese modo que a resolución de incoación do procedemento para os meros efectos da súa inibição goce de virtualidade ningunha á hora de fixar o *dies a quo* do referido cómputo (v. gr., AAP de Valencia 774/2020, do 8 de setembro; AAP de Granada 386/2020, do 25 de xuño; ou AAP de Murcia 275/2020, do 7 de abril, entre outras).

Porén, as audiencias provinciais maioritariamente fixeron seus os argumentos ofrecidos sobre o dito particular pola Circular da FXE núm. 5/2015, subliñando para tal efecto que a incoación do procedemento e ulterior inibição non suspende en ningún caso a tramitación das actuacións, de acordo co disposto no artigo 25.3 da LACrim (v. gr. AAP de Barcelona 437/2020, do 18 de xuño; AAP de Madrid 654/2019, do 20 de setembro; AAP de Girona 476/2019, do 15 de xullo; AAP de Valladolid 113/2017, do 13 de marzo; AAP de Tarragona 129/2020, do 28 de febreiro; AAP de Bilbao 151/2019, do 16 de maio; AAP de Barcelona 106/2018, do 31 de xaneiro).

Por conseguinte, as/os señoras/es fiscais procurarán que nestes supostos a actuación xudicial instrutora non quede suspendida de xeito indefinido á espera de que se resolvan os posibles conflitos de competencia que se poidan suscitar entre os distintos órganos xudiciais, promovendo ante aquel que formulou a inibição o dilixente desenvolvemento da investigación conforme o artigo 25 da LACrim e mesmo, para o caso de se estimar oportuno, a prórroga da fase de investigación.

Noutra orde de cousas, débese lembrar que tamén suscitaron controversia as conversións dun procedemento non comprendido dentro do ámbito obxectivo de aplicación do artigo 324 da LACrim –procedementos ante o tribunal do xurado, para o axuízamento rápido de determinados delitos, por aceptación de decreto e para o xuízo sobre delitos leves– nos procedementos ordinario ou de dilixencias previas.

A actual redacción do artigo 324 da LACrim substituíu a referencia a que o cómputo se debía iniciar «desde a data do auto de incoación do sumario ou das dilixencias previas» por unha fórmula notablemente máis vaga: «desde a incoación da causa». Esta modificación podería suscitar dúbidas acerca de se o *dies a quo* se debe fixar en

atención á data de incoación do primeiro dos procedementos ou, pola contra, en atención á resolución pola que –en razón da conversión– se acordou a incoación do procedemento ordinario ou de dilixencias previas. Non obstante, de acordo cunha interpretación sistemática e teleolóxica pode concluírse que tamén nestes casos o *dies a quo* deberá computarse desde a data de incoación do procedemento ordinario ou de dilixencias previas, dado que o artigo 324 da LACrim non debe ser aplicado a máis procedementos ca aos expresamente comprendidos dentro do seu ámbito obxectivo de aplicación.

A interpretación apuntada ofrece unha solución máis compatible coa concreta localización do precepto, pois o caso contrario conduciría a admitir alternativas inconcibibles naqueles supostos en que a incoación do procedemento ordinario ou de dilixencias previas, froito da conversión procedemental, tivera lugar tras se superar o prazo regulado polo artigo 324.1 da LACrim.

5.2 *Dies ad quem* da investigación xudicial

En canto ao *dies ad quem* dos prazos regulados polo artigo 324 da LACrim, débese lembrar que, de conformidade co artigo 185 da LOPX, «[o]s prazos procesuais computaranse consonte o disposto no Código civil», sinalando o artigo 5.1 do CC que «se os prazos estiveren fixados por meses ou anos computaranse de data a data. Cando no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes». Así mesmo, débese ter presente que, segundo os artigos 201 da LACrim e 184 da LOPX, «todos os días do ano e todas as horas serán hábiles para a instrución das causas criminais».

A aplicación dos preceptos mencionados aos prazos do artigo 324 da LACrim deriva da súa natureza procesual e preclusiva, en contraposición aos prazos substantivos, coma os de prescrición e caducidade.

Os prazos procesuais distínguense dos prazos substantivos porque o seu nacemento sempre se localiza no seo dun procedemento froito dunha actuación procesual anterior, como é o auto de incoación de dilixencias previas. Como sinala a STS 751/2019, do 5 de novembro, «a natureza das normas non depende da súa localización nun determinado texto. O criterio que se aplica para determinar a natureza procesual dunha norma é o

ámbito no que incide a consecuencia xurídica prevista na mesma: se ten reflexo no proceso, atende á conduta das partes, dos intervenientes no proceso, do xuíz, ou se refire a actos procesuais, tanto á forma coma aos seus presupostos, requisitos e efectos, a norma será procesual».

De aí que aqueles prazos cuxa xénese se asocie a unha actuación procesual previa gocen sempre de natureza procesual, mentres que aqueles outros cuxo nacemento teña lugar extramuros do procedemento sexan considerados substantivos ou materiais. Neste sentido, o ATS (Civil), sec. 1ª, do 23 de maio de 2018, dispón que «[e]sta sala ten reiterado a diferenza existente entre prazos procesuais e substantivos ao sinalar que unicamente ofrecen carácter procesual os que teñen a súa orixe ou punto de partida nunha actuación de igual clase (notificación, citación, emprazamento ou requirimento), entre os que non están aqueles aos que se asigna un determinado prazo para o exercicio dunha acción».

Entre esas actuacións de carácter procesual encóntrase a resolución xudicial iniciadora do procedemento penal –auto de incoación de sumario ou de dilixencias previas do procedemento abreviado–, cuxo mero ditado produce o inicio do cómputo dos prazos de instrución, sen necesidade sequera da súa notificación ao Ministerio Fiscal.

Por maior abastanza, o exercicio da acción penal non vén constringido polos prazos do artigo 324 da LACrim, de tal maneira que o transcurso destes non enerva nin impide exercitar aquela, non implica un desapoderamento do Estado para actuar o *ius puniendi*. Os prazos do artigo 324 da LACrim non afectan á acción penal, senón exclusivamente ao procedemento investigativo desenvolto polo órgano xudicial (*vide* AAP de Valencia 624/2019, do 10 de xuño; AAP de Barcelona 237/2019, do 25 de abril; AAP de Murcia 520/2018, do 20 de decembro). O vencemento dos prazos máximos sen culminar oportunamente a fase de instrución non determina a caducidade da acción penal nin implica a aparición dunha nova causa de extinción da responsabilidade. É por isto que a única consecuencia procesual que directamente deriva do cumprimento dos prazos legais non é outra cá obriga que o artigo 324.4 da LACrim lle impón ao xuíz de pronunciarse sobre a terminación da fase de instrución co conseguinte ditado do auto de conclusión do sumario ou, no procedemento abreviado, da resolución que proceda conforme o artigo 779 da LACrim.

As audiencias provinciais atribuíron de forma maioritaria natureza estritamente procesual aos prazos da investigación xudicial, ao considerar inadecuado relacionar o artigo 324 da LACrim coa prescrición ou o exercicio da acción penal, pois o mero transcurso dos prazos non xera consecuencias substantivas senón meramente procesuais (v. gr., AAP de Guadalajara 43/2020, do 4 de febreiro; AAP de León 141/2020, do 12 de febreiro; AAP de Tarragona 101/2020, do 11 de febreiro; AAP de Valencia 1000/2019, do 26 de setembro; AAP de Barcelona 237/2019, do 25 de abril; AAP de Oviedo 431/2019, do 3 de xullo; AAP de Cádiz 355/2019, do 17 de xullo, entre outros moitos).

A Sala Segunda do Tribunal Supremo veu a reafirmar esa natureza procesual dos prazos do artigo 324 da LACrim cando na STS 66/2021, do 28 de xaneiro (FX 2º), sinala expresamente:

O incumprimento dos prazos procesuais pode xerar, tamén, consecuencias preclusivas e non preclusivas que afecten á propia regularidade do proceso, á validez de determinadas actuacións e á obtención e aproveitamento de fontes probatorias.

Así, e a título meramente descritivo, o incumprimento dos prazos procesuais pode provocar a clausura da fase de investigación –vide artigo 324 da LACrim–.

6. Interrupción do cómputo

A reforma operada pola Lei 2/2020, do 27 de xullo, suprimiu a previsión que contiña o derogado artigo 324.3 da LACrim, no que se establecían como causas de interrupción do cómputo dos prazos os períodos durante os cales as actuacións estivesen declaradas secretas ou sobresidas provisionalmente.

Á vista de que o actual artigo 324 da LACrim non regula suposto ningún de interrupción, débese concluír que a suspensión do cómputo dos prazos da investigación xudicial unicamente terá lugar mentres o procedemento se encontre en estado de sobresemento provisional, pois en tal caso non existe investigación ningunha en marcha nin, polo tanto, procedemento en fase de instrución cuxos prazos poidan ser computados.

Débase entender que, no caso de que se acorde o sobresemento provisional, o prazo deixará de computarse desde o momento en que se dite e sen esperar á súa firmeza, polo que o tempo de tramitación dos eventuais recursos non computará para os efectos do artigo 324 da LACrim, xa que ningunha actividade instrutora se efectuará mentres penda a impugnación.

No suposto de reapertura dun procedemento provisionalmente sobresido retomarase o prazo que reste da investigación xudicial, debéndose computar para efectos do artigo 324.1 da LACrim o tempo transcorrido entre o auto de incoación e o de sobresemento provisional.

Por outro lado, sen prexuízo de que non existe previsión expresa en canto á interrupción do cómputo do prazo nos supostos en que as actuacións foran declaradas secretas, unha interpretación teleolóxica e sistemática dos artigos 302, 306, 324, 579, 588.bis.d), 588.ter.g) e 588 quinquies da LACrim, e do artigo 4.1 do EOMF, permite afirmar que nestes casos o/a xuíz/a deberá conceder audiencia unicamente ao Ministerio Fiscal, pois facelo doutro xeito podería conducir á frustración da investigación.

Débase ter en conta a existencia doutros supostos en que se ten admitido a interrupción do cómputo, tales coma os apuntados nas conclusións das XVIII Xornadas de Presidentes das Audiencias Provinciais de España: o tempo durante o que se resolve a formulación de cuestións pre-xudiciais devolutivas e o período durante o que se leven a cabo labores de tradución das actuacións (art. 123.4 da LACrim).

7. Os efectos do transcurso dos prazos da investigación xudicial

7.1 Prórroga extemporánea da fase de investigación xudicial

O artigo 324 da LACrim non prevé de xeito expreso que a resolución pola que se prorroga a duración da fase de investigación xudicial resulte nula naqueles casos en que fora adoptada extemporaneamente, senón que se limita a prever a invalidez daquelas dilixencias que foran practicadas unha vez esgotados os prazos regulados polo apartado primeiro sen que estes fosen previamente prorrogados.

Así as cousas, o apartado terceiro do artigo 324 da LACrim sinala que «[s]e, antes da finalización do prazo ou dalgunha das súas prórrogas, o instrutor non ditou a resolución a que fai referencia o número 1, ou ben esta foi revogada por vía de recurso, non serán válidas as dilixencias acordadas a partir da dita data».

O lexislador non previu o tratamento procesual que se lle debe ofrecer á resolución xudicial pola que se declare extemporaneamente a prórroga dos prazos regulados polo artigo 324.1 da LACrim nin o que se lles debe dar ás dilixencias practicadas baixo a cobertura desa resolución xudicial, é dicir, o tratamento das dilixencias solicitadas por calquera das partes dentro do prazo da investigación xudicial pero acordadas inoportuna ou extemporaneamente polo órgano xudicial que posteriormente acorda a prórroga fóra do prazo.

O precepto límitase a establecer que non serán válidas as dilixencias acordadas unha vez esgotados os prazos cando estes non resultaran expresamente prorrogados polo/a xuíz/a de instrución. Á vista disto, pódese afirmar que o artigo 324.3 da LACrim admite dúas posibles interpretacións.

A primeira, de carácter estritamente gramatical, pasa por admitir que as dilixencias solicitadas dentro de prazo por calquera das partes –pero acordadas e practicadas baixo a cobertura dunha resolución xudicial proferida de modo extemporáneo– non sexan consideradas válidas. Interpretación que parece fluír da propia literalidade do precepto, que indica que as dilixencias acordadas tras a finalización do prazo ou dalgunha das súas prórrogas non serán válidas cando o instrutor non ditara a resolución a que fai referencia o apartado primeiro do artigo 324 da LACrim.

Unha segunda posibilidade interpretativa consonte criterios de orde sistemática e teleolóxica permite admitir a validez das dilixencias acordadas e practicadas daquel modo, pois resultaría paradoxal que o lexislador non reputara nula a resolución xudicial que declarou extemporaneamente a prórroga da duración da fase de investigación para, sen solución de continuidade, negar toda validez ás dilixencias decretadas baixo a cobertura daquela resolución.

Entrementres non exista unha liña xurisprudencial uniforme deberá prevalecer con carácter xeral a primeira das interpretacións apuntadas, sen prexuízo de que existen sólidos argumentos en apoio da segunda.

Así, de se admitir a segunda opción parecería fóra de toda dúbida que, consoante o artigo 238.3º da LOPX, a resolución que decreta extemporaneamente a prórroga da investigación xudicial non debería ser considerada nula, pois a dita actuación non diminúe de xeito ningún as posibilidades efectivas de defensa da persoa investigada. Podería concluírse que a prórroga extemporánea da duración da fase de investigación xudicial constitúe unha actuación procesual que non entraña menoscabo dos principios de contradición e igualdade das partes e que non impide nin dificulta a súa posibilidade de alegar e acreditar no proceso os seus dereitos, ou de replicar dialecticamente a posición contraria en igualdade de condicións co resto de intervenientes no proceso. Esta circunstancia, unida ao feito de que o artigo 324.3 da LACrim non prevexa sanción nin consecuencia ningunha para a resolución pronunciada extemporaneamente, permitiría concluír que esa resolución xudicial podería reputarse para todos os efectos como procesualmente válida e, en consecuencia, que tivera a virtualidade de validar as dilixencias acordadas e practicadas ata a data do seu pronunciamento.

Débese, amais, subliñar que esta interpretación presenta maior compatibilidade co dereito a unha investigación suficiente e eficaz no marco do dereito á tutela xudicial efectiva proclamado polo artigo 24.1 da CE (*vide* SSTC 87/2020, do 20 de xullo; 39/2017, do 24 de abril; 153/2013, do 19 de setembro). Este dereito fundamental comprende o dereito a que sexan practicados todos os medios de investigación necesarios, pertinentes e útiles para lograr durante a fase de instrución o esclarecemento dos feitos obxecto do procedemento (art. 299 da LACrim).

En supostos semellantes nos que si existe afectación de dereitos fundamentais da persoa investigada, a nosa xurisprudencia admitiu a validez das dilixencias practicadas baixo a cobertura dunha resolución ditada extemporaneamente:

i) En relación coa prórroga extemporánea do segredo de sumario, a STS 463/2019, do 14 de outubro, dispón que «[e]n todo caso, a demora na prórroga do segredo que se denuncia carecería dos efectos anulatorios que o recorrente lle pretende atribuír, pois o recurso non identifica en que termos o dito adiamento lle chegou a xerar indefensión,

recollendo a doutrina constitucional, con ocasión da análise dunha decisión xudicial de prórroga do segredo das actuacións, que o verdadeiramente relevante para efectos constitucionais é que non se produciu unha verdadeira e efectiva indefensión (STC do 19 de outubro de 1997, FX 3.2)».

ii) En relación coa prórroga extemporánea da dilixencia de interceptación das comunicacións telefónicas, a STS 138/2015, do 13 de marzo, dispón que «mesmo en casos de cómputo equivocado do tempo dalgunhas das prórrogas da medida de intervención, prorrogándose unha vez transcorrido o prazo mensual acordado na resolución precedente, computándose un mes e un día no canto dun mes, (...) iso só pode carrexar a ilicitude do actuado no dito lapso (o citado día) e do que de aí derive, pero de ningún modo do actuado baixo o abeiro da nova resolución. E isto de conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional, que se pronunciou nun caso análogo na STC 205/2005, do 18 de xullo». Criterio reiterado, entre outras, nas SSTS 841/2016, do 8 de novembro; 552/2015, do 23 de setembro; 877/2014, do 22 de decembro; 689/2014, do 21 de outubro; 1029/2013, do 8 de decembro.

Esta segunda interpretación cadra, ademais, coa ofrecida pola Sala Segunda do Tribunal Supremo no ATS 504/2019, do 25 de abril, ao axuizar un suposto no que o órgano xudicial acordou reclamar a folla histórico-penal do investigado unha vez esgotado o prazo regulado polo artigo 324.1 da LACrim:

Certamente, advertimos que a unión dos ditos antecedentes penais se produciu unha vez transcorrido o prazo máximo legalmente establecido para a instrución, pero isto non pode supor a reclamada nulidade da instrución, como non xustifica neste caso a declaración expresa de nulidade da dita dilixencia, mesmo a pesar da inoperatividade do artigo 324.7 da LACrim –posto que ningunha resolución xudicial acordou previamente a súa unión aos autos–, porque non é posible concluír que se producira indefensión efectiva e real para o recorrente polo dito motivo, como presuposto esencial para que poida prosperar toda pretensión desta natureza.

Finalmente, debe recordarse que as audiencias provinciais teñen admitido maioritariamente, en relación do derogado artigo 324 da LACrim, a posibilidade de que a resolución que decretaba a ampliación da fase de instrución puidera ser proferida unha

vez expirado o prazo legal. Criterio igualmente plasmado nas conclusións das XVIII Xornadas de Presidentes das Audiencias Provinciais de España nos seguintes termos: «Non é, no entanto, necesario que a prórroga se acorde dentro do dito prazo, polo que producirá plenos efectos a prórroga solicitada polo fiscal tres días antes da expiración in da que sexa acordada polo instrutor unha vez esgotado o prazo, tras audiencia das partes, nos termos exposto no artigo 324 da LACrim. Nestes supostos, as dilixencias practicadas no ínterim quedarán validadas unha vez que se acorde a prórroga».

7.2 Réxime xurídico das dilixencias practicadas extemporaneamente

7.2.1 Dilixencias acordadas con anterioridade ao esgotamento do prazo

Respecto ás dilixencias practicadas unha vez esgotados os prazos regulados polo artigo 324.1 da LACrim, débense distinguir aqueles supostos en que a práctica das mesmas fora decretada polo/a xuíz/a con anterioridade ao vencemento do prazo daqueloutros en que a súa práctica fora ordenada unha vez esgotado o prazo ou as súas prórrogas.

No primeiro dos casos referidos continúan a resultar de aplicación os criterios ofrecidos pola Circular da FXE núm. 5/2015 –substituíndo as referencias que naquela se facían ao apartado sétimo do artigo 324 da LACrim polo apartado segundo da nova redacción ofrecida ao precepto–: «[o] apartado [segundo] dispón que as dilixencias de investigación acordadas antes do transcurso dos prazos legais serán válidas, sen prexuízo da súa recepción tras a expiración dos mesmos. Malia a súa escura redacción, unha interpretación lóxica leva a manter necesariamente que de se acordaren dilixencias de investigación dentro de prazo, caberá incorporar os seus resultados á causa in da xa esgotado o mesmo. Esta previsión haberá que entendela referida a calquera dilixencia de instrución, incluíndose, xa que logo, as testemuñais acordadas dentro de prazo que se leven a cabo unha vez expirado este».

O citado criterio veu sendo aceptado maioritariamente polas audiencias provinciais (*vide* a conclusión, ao respecto, das XVIII Xornadas de Presidentes das Audiencias Provinciais de España).

O novo artigo 324.2 da LACrim dispón que «[a]s dilixencias de investigación acordadas con anterioridade ao transcurso do prazo ou das súas prórrogas serán válidas, aínda que se reciban tras a expiración deste».

Por conseguinte, serán válidas todas as dilixencias acordadas antes do vencemento do prazo da investigación xudicial, sen prexuízo de que se practiquen ou reciban unha vez esgotado o mesmo, tanto que se trate dunha declaración testemuñal coma dun informe pericial ou dun documento con valor probatorio.

Nótese que o principio de conservación dos actos procesuais encontra a súa razón de ser non só en razóns de economía procesual, senón tamén no dereito a un proceso sen dilacións indebidas, resultando gravemente lesivo para este dereito fundamental esixir que por mor dun mero defecto formal se reitere a práctica de dilixencias con idéntico contido e resultado.

7.2.2 Réxime das dilixencias acordadas e practicadas extemporaneamente

A anterior redacción do artigo 324 da LACrim non se pronunciaba expresamente sobre as consecuencias asociadas á realización de dilixencias de instrución fóra dos prazos legais, limitándose a indicar no seu apartado sétimo que «[a]s dilixencias de investigación acordadas antes do transcurso dos prazos legais serán válidas, sen prexuízo da súa recepción tras a expiración destes». Disposición esta que *a contrario sensu* inducía a considerar que as dilixencias acordadas con posterioridade ao decurso daqueles prazos non serían válidas.

O vixente artigo 324 da LACrim contempla no seu apartado segundo idéntica previsión respecto á validez das dilixencias acordadas antes do decurso dos prazos previstos no apartado primeiro do precepto. No entanto, o seu terceiro apartado si se pronuncia agora expresamente acerca das consecuencias procesuais asociadas á práctica extemporánea de dilixencias durante a fase de instrución nos seguintes termos: «[s]e, antes da finalización do prazo ou dalgunha das súas prórrogas, o instrutor non ditou a resolución a que fai referencia o número 1, ou ben esta foi revogada por vía de recurso, non serán válidas as dilixencias acordadas a partir da dita data».

Xa que logo, de acordo cunha interpretación literal do artigo 324.3 da LACrim, non serán válidas as dilixencias acordadas de modo extemporáneo, ao igual ca aquelas que foran acordadas tras resultaren prorrogados os prazos da investigación xudicial cando a resolución pola que se acordou a prórroga en cuestión sexa revogada.

As dilixencias practicadas daquel xeito en ningún caso merecerán ser consideradas ilícitas, senón irregulares, pois o mero incumprimento do prazo procesual regulado polo artigo 324 da LACrim non permite apreciar vulneración de dereitos e liberdades fundamentais de ningunha orde (*vide* SSTs 1328/2009, do 30 de decembro; 53/2011, do 10 de febreiro; 115/2015, do 5 de marzo; 714/2018, do 16 de xaneiro de 2019; e ATS 227/2020, do 13 de febreiro).

En consecuencia, as dilixencias acordadas e practicadas extemporaneamente non se poderán valorar co obxecto de resolver acerca da pasaxe á fase intermedia do procedemento nin introducirse no acto do xuízo oral pola vía dos artigos 714 e 730 da LACrim. Non obstante, nada impedirá que as/os señoras/es fiscais poidan propor, quer no escrito de acusación ou de conclusións provisionais, quer ao inicio do acto do xuízo oral, aquelas probas que se estimen pertinentes e útiles, inda cando as mesmas garden conexión coas dilixencias reputadas non válidas por teren sido practicadas con infracción dos prazos regulados polo artigo 324 da LACrim.

As/Os señoras/es fiscais deberán darlle ao resultado das dilixencias practicadas extemporaneamente o tratamento propio da proba irregular, rexeitando a expulsión do acervo probatorio daquelas fontes de proba derivadas da práctica da dilixencia que fora realizada con infracción dos prazos do artigo 324 da LACrim.

8. A declaración en calidade de investigado/a tras a expiración dos prazos do artigo 324 da LACrim

En primeiro lugar convén precisar que, consoante o preceptuado polo actual artigo 324.2 da LACrim, esa posibilidade veuse reputando viable en todos aqueles casos en que a declaración, inda sendo practicada logo de se esgotar o prazo, fora acordada con anterioridade polo/a xuíz/a de instrución.

Cuestión distinta é o tratamento procesual que deba ofrecerse á declaración da persoa investigada que fora acordada e practicada logo de expirar o prazo da fase de investigación xudicial.

Doutrina e xurisprudencia conveñen en afirmar que a declaración do investigado participa dunha dobre natureza, pois ademais de ser un acto de investigación xudicial de natureza procesual, constitúe unha garantía de defensa daquel. Esta función foi precisamente o que motivou que o Tribunal Constitucional concluíra que a súa práctica durante a fase sumarial resulta ineludible (*vide* SSTC 128/1993, do 19 de abril; 129/1993, do 19 de abril; 273/1993, do 20 de setembro; 277/1993, do 17 de outubro; 135/1989, do 19 de xullo; 186/1989, do 13 de novembro).

A particular natureza desta dilixencia fixo que a nosa xurisprudencia admita a súa práctica extemporánea de xeito maioritario, tamén naqueles casos en que fora decretada tras expiraren os prazos previstos no artigo 324 da LACrim. Para tal efecto resultan reveladoras as consideracións que sobre o referido particular se conteñen no ATC 5/2019, do 29 de xaneiro (FX 5°):

Pero esta dúbida parte de considerar a declaración do investigado como unha dilixencia de investigación ou instrución que non poida ser acordada unha vez transcorrido o citado prazo, de acordo co sistema de prazos de instrución do artigo 324 da LACrim, e non obstante determinante da continuación do proceso penal mediante a apertura da denominada fase intermedia. (...) Non é esta, no entanto, a natureza, ou a única natureza, da declaración do investigado que resulta da xurisprudencia deste Tribunal. (...) Neste senso, dixemos que “o que prohibe o artigo 24 da CE é que o inculpado non teña participación na tramitación das dilixencias de investigación xudiciais ou que a acusación se fragüe ás súas costas, sen ter coñecemento ningún dela” (SSTC 70/2002, do 3 de abril, FX 4; e 18/2005, do 1 de febreiro, FX 5). (...) Esta condición da declaración de investigado como “garantía de audiencia previa” é coherente cos principios inspiradores do dereito e do proceso penal nun Estado democrático de dereito, e así o temos lembrado igualmente nas STTS 197/1995, do 21 de decembro, FX 6, e 161/1997, do 2 de outubro, FX 5. “Como explicabamos in extenso na STC 197/1995, (...) no proceso penal acusatorio o imputado xa non é

obxecto do proceso penal, senón suxeito do mesmo, isto é, parte procesual, e de tal modo que [a súa] declaración, á vez ca medio de proba ou acto de investigación, é e debe ser asumida esencialmente como unha manifestación ou un medio idóneo de defensa”.

Como xa se anticipou, o esgotamento dos prazos do artigo 324 da LACrim non se pode identificar coa prescrición do delito investigado, suposto en que si se admite a renuncia ao exercicio do *ius puniendi*. De aí que, unha vez expirados aqueles prazos e para o caso de apreciar indicios de criminalidade, o/a xuíz/a deba avanzar á fase intermedia do procedemento penal, permitíndolles ás partes formular acusación, dado que o sobresemento das actuacións tan só resultará viable de concorrer algún dos supostos de feito regulados con carácter taxado nos artigos 637 e 641 da LACrim, entre os que non se atopa contemplada a ausencia de declaración da persoa investigada. O contrario suporía unha tácita modificación do artigo 637 da LACrim, introducindo como causa de sobresemento libre un suposto non previsto pola norma, ao tempo que atribuiría un efecto substantivo a unha norma procesual ao se admitir pola vía de feito unha nova causa de extinción da responsabilidade criminal asociada ao decurso do tempo, distinta á prescrición do delito.

A conclusión apuntada *supra* ten sido admitida de xeito maioritario polas nosas audiencias provinciais (*vide* AAP de Barcelona 336/2020, do 29 de abril; AAP de Barcelona 84/2020, do 4 de febreiro; AAP de Barcelona 634/2019, do 18 de novembro; AAP de Badajoz 159/2020, do 1 de xuño; AAP de Cáceres 237/2020, do 20 de marzo; AAP de Cáceres 217/2020, do 17 de marzo; AAP de Pontevedra 595/2017, do 4 de setembro; AAP de Bilbao 90482/2019, do 25 de outubro; AAP de Sevilla 349/2018, do 8 de maio; AAP de Valencia 502/2019, do 14 de maio).

A especial natureza desta dilixencia, o carácter netamente procesual do prazo previsto no artigo 324 da LACrim –do que non cabe predicar efecto substantivo ningún– e mais o feito de que a súa omisión non constituía causa que determine o sobresemento libre ou provisional das actuacións parecen xustificar a posibilidade de que a declaración da persoa investigada poida ser decretada e practicada unha vez expirados os prazos da investigación xudicial.

No entanto, dado que de forma minoritaria as resolucións dalgunhas audiencias provinciais (*vide* AAP de Guadalajara 43/2020, do 4 de febreiro; AAP de Barcelona 237/2019, do 25 de abril; AAP de Huelva 48/2019, do 8 de febreiro) denegaron a posibilidade de practicar a declaración de investigado/a logo da expiración dos prazos regulados polo artigo 324 da LACrim, os/as señores/as fiscais, co obxecto de evitar a posible frustración da investigación, deberán promover ante o órgano xudicial que a devandita dilixencia sexa practicada antes do esgotamento daqueles prazos.

En definitiva, as/os señoras/es fiscais velarán por que o/a xuíz/a de instrución acorde a práctica da declaración de investigado/a, ou, se for o caso, a declaración indagatoria, con anterioridade á expiración dos prazos regulados polo artigo 324 da LACrim. Non obstante, en caso de se suscitar controversia sobre o referido particular, deberán soste que a resolución pola que se declara a práctica daquela dilixencia unha vez esgotados aqueles prazos resulta admisible e válida consonte o noso ordenamento xurídico.

9. A petición de dilixencias complementarias tras a conclusión da fase de instrución

Conforme sinalaba a Circular da FXE núm. 5/2015, *sobre os prazos máximos da fase de instrución*, o derogado artigo 324 da LACrim impedíalle de xeito expreso ao Ministerio Fiscal instar a práctica de dilixencias complementarias unha vez esgotado o prazo ordinario da fase de instrución, ou das súas prórrogas, sempre que non se chegara a facer uso da facultade de instar a fixación dun prazo máximo.

Pola contra, a nova redacción do artigo 324 da LACrim non contén previsión ningunha acerca das dilixencias complementarias, circunstancia que permite concluír que a súa práctica se deberá rexer agora exclusivamente polas previsións contidas no artigo 780.2 da LACrim.

En consecuencia, o novo sistema de prazos da fase de investigación xudicial deixa agora incólume a posibilidade de practicar dilixencias complementarias con independencia da expiración do prazo regulado polo artigo 324 da LACrim. A localización sistemática do artigos 324 e 780.2 da LACrim revela que mentres que o primeiro circunscribe o seu ámbito obxectivo de aplicación á fase de instrución, pois localízase no título IV do libro II da lei, o segundo despreza a súa eficacia na fase intermedia do

procedemento, achando a súa regulación legal no capítulo IV do título II do libro IV da LACrim.

De aí que se poida afirmar que as dilixencias complementarias se deban entender excluídas do ámbito de aplicación do artigo 324 da LACrim, cuxo obxecto se circunscribe á regulación daquelas dilixencias cuxa práctica se desenvolva durante a fase de instrución do procedemento penal.

Polo demais, do teor literal do vixente artigo 324 da LACrim infírese que non existen razóns que xustifiquen condicionar a práctica de dilixencias complementarias ao esgotamento dos prazos de instrución, pois ao non existir limitación ningunha sobre o dito particular, deberase reputar plenamente aplicable o contido do artigo 780.2 da LACrim, en cuxa virtude o/a xuíz/a de instrución deberá practicar as devanditas dilixencias cando quen as solicita é o Ministerio Fiscal, por canto que «non é unha parte máis: é o acusador público, que ten que promover a acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos dos cidadáns e do interese público, procurando a satisfacción do interese social» (ATC 32/2009, do 27 de xaneiro).

Tampouco existe inconveniente ningún en admitir que o Ministerio Fiscal, logo de concluír a fase de instrución, e en execución das facultades atribuídas polo artigo 773.1 da LACrim, poida oficiar á Policía Xudicial –tal como xa previra a Circular da FXE núm. 5/2015– para que, baixo a súa exclusiva dirección, se practiquen aquelas dilixencias que se coiden necesarias para a súa ulterior achega ás dilixencias xudiciais.

O auxilio por parte da Policía Xudicial na actividade extraprocesual do Ministerio Fiscal vén así mesmo recoñecido pola xurisprudencia do alto tribunal, tal e como sinala a STS 228/2015, do 21 de abril (FX 1°):

A súa regulación no artigo 773 da lei procesual establece que lle corresponde ao Ministerio Fiscal, dentro da súa función de impulso e simplificación do procedemento, darlle á Policía Xudicial instrucións xerais ou particulares para o máis eficaz cumprimento das súas funcións, intervindo nas actuacións “achegando os medios de proba de que poida dispor ou solicitando do xuíz de instrución a práctica dos mesmos”. Desta previsión é visto que o fiscal, para poder achegar esas probas, as ten que obter previamente, e que para o efecto

debe recorrer a algún mecanismo de indagación e obtención das mesmas, mecanismo que non pode ser outro cá súa propia actividade ou o auxilio da Policía Xudicial, que constitucionalmente –conforme o artigo 126 da CE– e legalmente –artigo 4.4 do EOMF– del depende.

Os prazos regulados no artigo 324 da LACrim tampouco resultan de aplicación á excepcional possibilidade de suspender o xuízo oral co obxecto de practicar algunha sumaria instrución suplementaria «cando revelacións ou retractacións inesperadas produzan alteracións substanciais nos xuízos» (art. 746.6º da LACrim), pois o ámbito obxectivo de aplicación destes prazos circunscríbese, tal e como xa se indicou, ás dilixencias xudiciais practicadas durante a fase de instrución.

10. A actividade extraprocesual do Ministerio Fiscal ante procedementos provisionalmente sobresidos

A posible actuación extraprocesual do Ministerio Fiscal tras o arquivamento das actuacións xudiciais ten suscitado escasa atención doutrinal e xurisprudencial, malia tratarse dunha vía que podería resultar idónea a fin de obter fontes de proba que permitan a ulterior reapertura e prosecución daqueles procedementos provisionalmente sobresidos consoante o artigo 641 da LACrim.

Co obxecto de abordar tan relevante cuestión, convén principiar sinalando que o noso ordenamento xurídico admitiu que a actuación extraprocesual do Ministerio Fiscal se poida desenvolver tanto antes coma despois da incoación do procedemento penal.

A actividade extraprocesual desenvólta co obxecto de reabrir procedementos sobresidos consonte o artigo 641 da LACrim non conculca o dereito á presunción de inocencia cando novos datos ata entón ignorados o aconsellen ou o fagan preciso, é dicir, cando se acheguen novos elementos de proba non contidos na causa (*vide* SSTs 190/1995, do 16 de febreiro; 944/1997, do 30 de xuño; 974/2012, do 5 de decembro; 338/2015, do 2 de xuño), pois en ningún caso se alteran deste xeito as presuncións e regras de tratamento procesual inherentes a este dereito fundamental.

Así mesmo, esa actividade extraprocesual tampouco compromete os dereitos de defensa e igualdade de armas, pois trátase dunha facultade que o ordenamento xurídico atribúe

en idénticos termos a todas as partes, erixíndose o inicio das sesións do xuízo oral como único límite temporal para o fornecemento de elementos de proba (v. *gr.*, SSTC 68/2001, do 17 de marzo; 30/2005, do 14 de febreiro; 12/2011, do 28 de febreiro; e SSTS 163/2019, do 26 de marzo; 211/2019, do 23 de abril).

Aínda que resulte posible establecer certos paralelismos entre a actuación investigadora desenvolvida polo/a xuíz/a durante a fase de instrución e a despregada polo Ministerio Fiscal durante a tramitación das súas dilixencias de investigación, esta segunda distínguese claramente da actividade xudicial polo seu carácter extraprocesual. Como indica a STS 980/2016, do 11 de xaneiro de 2017, «[p]or máis flexibilidade que se queira atribuír ao heterodoxo modelo que rexe no noso sistema, o acto procesual, por definición, é de natureza xurisdicional». De aí, precisamente, que a incoación das dilixencias de investigación por parte do Ministerio Fiscal non goce de eficacia interruptiva da prescrición do delito, tal e como lembra a Circular da FXE núm. 4/2013, *sobre as dilixencias de investigación*.

Á marxe das facultades preprocesuais, o noso ordenamento xurídico admitiu a posibilidade de que o Ministerio Fiscal poida desenvolver actuacións extraprocesuais tras a incoación por parte do órgano xudicial dun procedemento penal. Posibilidade esta á que xa aludía a Circular da FXE núm. 5/2015, *sobre os prazos máximos da fase de instrución*, como mecanismo a través do cal paliar posibles déficits derivados da finalización prematura da investigación xudicial por mor do transcurso dos prazos do artigo 324 da LACrim.

Así mesmo, a Instrución da FXE núm. 1/2008, *sobre a dirección polo Ministerio Fiscal das actuacións da Policía Xudicial* –que reproduce, pola súa vez, as consideracións que sobre o dito particular se conteñen na Circular da FXE núm. 1/1989, *sobre o procedemento abreviado introducido pola Lei orgánica 7/1988, do 28 de decembro*–, sinala:

(...) a cesación das dilixencias de investigación suscita a cuestión de se o fiscal, no curso dun procedemento xudicial, pode ou non practicar ou ordenarlle á Policía Xudicial que practique algún xénero de dilixencia de investigación ou achega de fontes de proba. A resposta a esta cuestión ten que ser que o fiscal non poderá iniciar unha nova investigación xeral sobre o feito, pero si proceder á

práctica extraxudicial de dilixencias concretas, posto que das propias leis, tanto as xerais sobre as atribucións do fiscal coma as que regulan o procedemento abreviado, se infire tal facultade. Chegando á conclusión de que é evidente que o fiscal, para poder achegar estas probas, as ten que obter previamente, e que para o efecto debe recorrer a algún mecanismo de indagación e obtención das mesmas, mecanismo que non pode ser outro cá súa propia actividade ou o auxilio da Policía Xudicial, que constitucional e legalmente del depende.

Os razoamentos anteriores son reiterados na Instrución da FXE núm. 2/2008, *sobre as funcións do fiscal na fase de instrución*, nos seguintes termos:

Por último, dentro desas atribucións tendentes a lograr a axilización da fase de instrución poderán os señores fiscais, en caso necesario, oficiar á Policía Xudicial para que se leven a cabo dilixencias concretas que se coiden necesarias para a súa ulterior achega ás dilixencias xudiciais. Débese subliñar que esta habilitación a hai que entender referida á práctica de dilixencias concretas, sen que en ningún caso poida desembocar nunha investigación fiscal paralela á instrución xudicial. Esta habilitación que a lei lle confire ao fiscal (vide artigo 773.1 da LACrim e Circular 1/1989) deberá ser usada con prudencia, en casos debidamente xustificados, pois facilmente se poden colixir as disfuncións e duplicidades que un mal uso dela pode xerar.

Así mesmo, a posibilidade de que o Ministerio Fiscal desenvolva actos de investigación extraprocesual durante a tramitación xudicial do procedemento, valéndose para tal efecto do auxilio da Policía Xudicial, ten sido recorrentemente recoñecida pola Sala Segunda do Tribunal Supremo consoante os artigos 773.1 da LACrim e 3.5 do EOMF (vide SSTs 228/2013, do 22 de marzo; 228/2015, do 21 de abril; 317/2016, do 15 de abril; 211/2019, do 23 de abril).

Por conseguinte, non concorre óbice procesual ou substantivo que lle impida ao Ministerio Fiscal desenvolver actuacións extraprocesuais mentres o procedemento se atope en estado de sobresemento provisional, co obxectivo de obter concretas fontes de proba que sexan idóneas para lograr a ulterior reapertura do procedemento previamente arquivado. Neste senso, a Circular da FXE núm. 1/1989, *sobre o procedemento abreviado introducido pola Lei orgánica 7/1988, do 28 de decembro*, sinala:

A conclusión das dilixencias previas por arquivamento ou sobresemento (bardante de que este sexa o libre do número 2º do artigo 637) tamén autorizará o fiscal para iniciar unha investigación co fin de obter novos elementos de xuízo que lle permitan solicitar a reapertura do procedemento xudicial. Cómpre entender que ao se arquivar ou sobreseer o proceso, cesa ou suspéndese a súa “existencia” como tal proceso en curso, e xa que logo o impedimento para a función investigadora do fiscal. Esta pode ser de especial utilidade nos casos en que o xuíz de instrución acorde o sobresemento do número 2º do artigo 641, por entender que non existen indicios racionais de criminalidade contra o acusado polo fiscal (artigo 790.6, parágrafo 1º), en cuxo caso este último poderá abrir unha investigación para obter novos indicios ou reforzar os existentes, de modo que se poida solicitar a reapertura do procedemento con éxito.

Tal e como afirma a Circular da FXE núm. 1/1989, a prohibición dunha concreta investigación subsidiaria á xudicial colocaría o Ministerio Fiscal nun inxustificado plano de desigualdade fronte ao resto de partes procesuais, ás que a nosa xurisprudencia lles reconece a posibilidade de desenvolver dilixencias de modo extraprocesual a fin de acadar as fontes de proba que permitan a reapertura dos procedementos sobresidos.

En calquera caso, debe advertirse que a admisibilidade da actuación extraprocesual do Ministerio Fiscal durante o estado de sobresemento provisional das actuacións encóntrase intimamente conectada coa propia natureza do sobresemento provisional, instituto xurídico que se pode definir como o acto procesual polo que se produce a terminación anticipada ou a suspensión do procedemento penal motivada pola imposibilidade de formular acusación e, xa que logo, de proceder á apertura do xuízo oral. A principal diferenza entre o sobresemento libre (art. 637 da LACrim) e o provisional (art. 641 da LACrim) radica en que mentres que no primeiro caso a finalización do procedemento produce idénticos efectos cá sentenza absolutoria, o sobresemento provisional só conduce á suspensión por tempo indeterminado do proceso, co límite da prescrición do delito.

Como sinala a STC 40/1988, do 10 de marzo, en relación co sobresemento provisional, «nada debe impedir unha eventual e posible reapertura das investigacións sumariais se se chegan a producir novas probas demostrativas da existencia do delito imputado e da

participación que determinadas persoas puideron ter nel, pois nada impón, fóra dos termos da prescripción do delito, unha renuncia ao *ius puniendi* do Estado e da persecución das actividades criminais». Todo isto sen prexuízo de que, tal e como sinala a STC 34/1983, do 6 de maio, «o auto de sobresemento provisional, pola súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia».

Así mesmo débese lembrar ao respecto a STC 3/2019, do 14 de xaneiro (FX 4º), cando dispón:

En conclusión, en atención á xurisprudencia constitucional e do Tribunal de Xustiza da Unión Europea exposta, o eventual efecto de cosa xulgada material dunha decisión de sobresemento non depende da cualificación definitiva ou provisional do arquivamento –e, polo tanto, da imposibilidade absoluta da reapertura do procedemento–, senón das concretas circunstancias concorrentes no caso e relativas a que: (i) a dita decisión fora adoptada unha vez que se desenvolveu un procedemento penal ao que o suxeito quedara sometido coa carga e gravosidade que iso implica; (ii) o órgano encargado da instrución dese procedemento penal desenvolvera todas as dilixencias necesarias e razoables de investigación para determinar o carácter delituoso do feito e a concreta participación do interesado no mesmo; e (iii) como consecuencia da firmeza da dita decisión de arquivamento, a reapertura quede condicionada á ponderación da aparición de novos indicios relevantes sobre o carácter delituoso do feito ou da participación do interesado no mesmo.

Do mesmo modo, a Sala Segunda do Tribunal Supremo tense pronunciado reiteradamente sobre este particular. Véxase, a título de exemplo, a STS 507/2020, do 14 de outubro (FX 136º), cando sinala:

A reapertura do procedemento unha vez firme o auto de sobresemento provisional depende de que se fornezan novos elementos de proba non contidos na causa (STS 75/2014, do 11.2). [...]

A cuestión que se pode suscitar é a de decidir se o sobresemento provisional pode ser deixado sen efecto unha vez que a resolución que o acorde deveu firme e que é o que require a reapertura das dilixencias.

Resulta patente que esa provisionalidade no arquivamento das actuacións pode presentar problemas de inseguridade xurídica do afectado pola investigación inicial, sobre quen planea a posibilidade dunha reapertura. Esa limitación das súas expectativas de seguridade aparece compensada polas esixencias de novos datos que permitan ser considerados como elementos non tidos en conta anteriormente para a decisión de sobreseer. Non o entender así podería supor que a desidia ou o erro [de] unha acusación, por non valorar uns datos preexistentes, lle permite a súa reconsideración posterior para solicitar, e adoptar, a súa reapertura, con lesión á seguridade do investigado. É por iso que na xurisprudencia declaramos que o sobreseemento provisional permite a reapertura do procedemento “cando novos datos con posterioridade adquiridos o aconsellen ou o fagan preciso”. Isto quere dicir que a reapertura do procedemento unha vez firme o auto de sobreseemento provisional depende de que se fornezan novos elementos de proba non contidos na causa.

Así as cousas, sendo indiscutible que nos casos de sobreseemento provisional procederá a reapertura das actuacións sempre que se obteñan novos datos ou elementos que así o aconsellen (*vide* SSTs 94/2019, do 20 de febreiro; 357/2019, do 10 de xullo; 566/2019, do 20 de novembro), a actividade extraprocesual resultará consubstancial ao instituto regulado polo artigo 641 da LACrim, pois só dese xeito resulta posible a obtención de novas fontes de proba a tal fin.

En definitiva, correspóndelle ao Ministerio Fiscal, en canto promotor da acción da xustiza (art. 124 da CE), tratar de sanear os déficits probatorios que conduciron ao sobreseemento das actuacións naqueles casos en que resulte viable. Non obstante, esta posibilidade en ningún caso poderá ser utilizada como ferramenta a través da que subverter o modelo procesual deseñado polo lexislador, no que o/a xuíz/a de instrución se erixe en director da investigación criminal. É por iso que a actividade investigadora do Ministerio Fiscal se ha limitar nestes casos á realización daquelas concretas dilixencias cuxa práctica non tivo lugar durante a fase de investigación xudicial.

A anterior posibilidade, que, como se viu, resulta plenamente amparada polo noso ordenamento xurídico e mais pola doutrina do Tribunal Constitucional e da Fiscalía Xeral do Estado, será levada a efecto polas/os señoras/es fiscais coa necesaria

prudencia, debendo solicitarse a reapertura do procedemento xudicial previamente sobresido cando se chegue a coñecemento de revelacións e/ou novo material probatorio suficientes a tal fin e que non constasen previamente na causa, evitando así que o sobresemento provisional transmute nunha sorte de arquivamento definitivo das actuacións contrario ao teor da norma que o regula e susceptible de consolidar espazos de impunidad que ben pode ser resoltos por esta vía.

11. Actividade extraprocesual e prazos procesuais da investigación xudicial

A natureza procesual dos prazos do artigo 324 da LACrim resulta relevante no atinente a analizar a admisibilidade da actividade extraprocesual do Ministerio Fiscal unha vez esgotados aqueles. Así mesmo, determina que o seu ámbito de aplicación apareza necesariamente circunscrito á actuación desenvolvida polo/a xuíz/a de instrución no seo do procedemento penal. Esta é a razón pola que no cómputo dos prazos do artigo 324 da LACrim non se toma en consideración a duración das dilixencias de investigación do Ministerio Fiscal ou a actividade de investigación preprocesual desenvolta pola Policía Xudicial. E isto é así por se tratar de modalidades de investigación criminal claramente excluídas do ámbito de aplicación do artigo 324 da LACrim. Nin a Lei 41/2015, do 5 de outubro, nin a Lei 2/2020, do 27 de xullo, reformaron o artigo 5 do EOMF.

Así mesmo, o vixente artigo 324 da LACrim substituíu a expresión «dilixencias de instrución» pola de «investigación xudicial». Deste xeito despéxase calquera posible controversia acerca do ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación do precepto, que deberá circunscribirse á investigación desenvolvida polo/a xuíz/a durante a fase sumarial.

A pesar de que unha interpretación do derogado artigo 324 da LACrim xa permitía alcanzar idéntica conclusión, a actual previsión que se contén no apartado primeiro do precepto –«[a] investigación xudicial desenvolverase nun prazo máximo de doce meses desde a incoación da causa»– despacha calquera controversia que se poida suscitar acerca do ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación da norma. Resulta evidente, polo tanto, a inviabilidade de aplicar os ditos prazos á actuación extraprocesual que poidan desenvolver as partes, incluído o Ministerio Fiscal, dado que carece de natureza procesual e se desenvolve á marxe da investigación xudicial.

Por maior abastanza, como xa indicaba a Circular da FXE núm. 1/1989, *sobre o procedemento abreviado introducido pola Lei orgánica 7/1988*, ao se arquivar ou sobreseer o proceso, cesa ou suspéndese a súa existencia como tal proceso en curso. De aí que as dilixencias practicadas a partir daquel momento non se atoparán sometidas a prazo procesual ningún, na medida en que esa actividade investigadora non está comprendida no ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación do artigo 324 da LACrim.

Como xa se viu, o artigo 324 da LACrim ten por obxecto exclusivo regular o prazo durante o que resultará posible para o/a xuíz/a a práctica de dilixencias de investigación durante a fase de instrución, así como as consecuencias asociadas á infracción da dita previsión legal.

Por conseguinte, unha vez reaberto un procedemento no que se esgotaran os prazos de instrución, se ben o órgano xudicial non poderá practicar ningunha dilixencia de investigación derivada dos novos elementos de proba recadados, non se aprecia obstáculo para ditar, cando así proceda, o oportuno auto de acomodación aos trámites do procedemento abreviado ou, se for o caso, un novo auto de conclusión de sumario.

Mentres que a petición de reapertura procedementa se deberá dirixir ao xuíz de instrución no caso dunhas dilixencias previas provisionalmente sobresidas, a mesma solicitude deberá realizarse ao tribunal que acordara o sobreseimento provisional dun procedemento ordinario. Neste segundo suposto, o pedimento de reapertura dirixido ao tribunal deberá conter, alén das dilixencias que o fundamenten, a solicitude de revogación do auto de conclusión de sumario e mais a devolución do procedemento ao correspondente xuíz de instrución (art. 631 da LACrim).

Cómpre apostilar, como sinala a STC 63/2005, do 14 de novembro (en similares termos, *vide* SSTC 37/2012, do 19 de novembro; 152/2012, do 9 de setembro; 109/2013, do 6 de maio; 81/2014, do 28 de maio; 63/2015, do 13 de abril), que non existe outro límite temporal para o exercicio do *ius puniendi* có resultante da aplicación do instituto da prescrición do delito (art. 130 do CP), de sorte que, en caso de se acordar o sobreseimento provisional e entremetres non transcorra o prazo de prescrición, sempre será admisible a reapertura das actuacións cando novos datos adquiridos con posterioridade o aconsellen ou o fagan preciso, é dicir, se se achegan novos elementos de proba non contidos na causa. Isto non compromete o dereito á presunción de

inocencia da persoa investigada, pois a aceptación do argumento contrario equivalería a declarar que quen é investigado sen éxito adquire un dereito intemporal de sobresemento libre e definitivo que lle confire inmunidade fronte a calquera investigación posterior (*vide* STS 795/2016, do 25 de outubro).

Un Estado democrático de Dereito non pode nin debe manter a ameaza penal *sine die* sobre un suxeito sometido a investigación. Agora ben, a fixación duns prazos para a investigación xudicial no modelo procesual vixente non pode operar a xeito de prescrición encuberta que lles impida ás partes desenvolveren dilixencias de maneira extraprosesual. Conclusión que, ademais, parece clara á vista da inexistencia dun límite máximo de duración da investigación xudicial na redacción ofrecida ao artigo 324 da LACrim pola Lei 2/2020, do 27 de xullo.

Negar a admisibilidade da actividade extraprosesual de todas as partes e da Policía Xudicial unha vez expirado o prazo do artigo 324 da LACrim atenta contra a propia natureza do sobresemento provisional, equipárao inxustificadamente á figura do sobresemento libre e conduce *de facto* á anulación encuberta do artigo 641 da LACrim, identificando, en clara fraude de lei, o esgotamento dos prazos procesuais do artigo 324 da LACrim co transcurso dos prazos de prescrición. En consecuencia, como queira que o/a xuíz/a de instrución non pode continuar desenvolvendo a súa función unha vez esgotados os prazos do artigo 324 da LACrim, é visto que a única investigación posible será a que se practique *extra processum*.

Por todo iso, as/os señoras/es fiscais poderán practicar actividade extraprosesual nos estritos termos expostos na epígrafe anterior, a fin de acadar elementos ou fontes de proba que permitan a reapertura daqueles procedementos sobresidos como consecuencia da expiración dos prazos regulados polo artigo 324 da LACrim, podendo auxiliarse para tal efecto das unidades da Policía Xudicial.

Nestes casos, as/os señoras/es fiscais deberán documentar a actividade desenvolta e mais o resultado das concretas actuacións practicadas no marco das dilixencias de investigación que haberá que incoar para o efecto, e procederán á súa íntegra entrega ao órgano xudicial competente cando o practicado resulte relevante para a investigación ou para a persoa investigada, sexa favorable ou adverso. En todo caso, a súa práctica

deberase acomodar ao previsto nos artigos 5 do EOMF e 773 da LACrim naquilo que resulte de aplicación.

Ao chegar o resultado das dilixencias extraprocesuais practicadas, as/os señoras/es fiscais deberanlle solicitar ao órgano xudicial a reapertura do procedemento e a adopción da resolución que ao seu xuízo proceda: ben o ditado do auto de acomodación aos trámites do procedemento abreviado ou a revogación do auto de conclusión do sumario, ben o ditado de auto de sobresemento libre ou o mantemento da situación de sobresemento provisional. En todo caso, velarán por que o/a xuíz/a lles confira ás distintas partes constituídas no procedemento traslado do material probatorio recadado. Todo isto sen prexuízo de solicitar, se for o caso, a práctica da declaración da persoa investigada, como se sinalou *supra*.

12. Réxime transitorio aplicable ás causas incoadas con anterioridade á entrada en vigor da reforma

A disposición transitoria da Lei 2/2020, do 27 de xullo, sinala:

A modificación do artigo 324 da Lei de axuízamento criminal contida no artigo único será de aplicación aos procesos en tramitación no momento da entrada en vigor da presente lei. Para tal efecto, o día de entrada en vigor será considerado como día inicial para o cómputo dos prazos máximos de instrución establecidos naquel.

Conforme o teor literal da disposición anterior, o cómputo dos prazos da fase de investigación xudicial débese entender reiniciado respecto de todas as causas en tramitación, configurándose como novo *dies a quo* para o seu cómputo o da entrada en vigor da Lei –29 de xullo de 2020–, e como novo prazo a computar o dos doce meses previstos con carácter xeral polo artigo 324.1 da LACrim (v. gr., AAP de Pontevedra núm. 602/2020, do 20 de novembro).

O réxime transitorio aprobado polo lexislador resulta coherente co espírito que informa a nova redacción do precepto. Así, non se debe esquecer que a reforma do artigo 324 da LACrim, operada pola Lei 2/2020, do 27 de xullo, conduce á derogación dun límite máximo de duración da fase de instrución, cuxas posibilidades de ampliación se atopan

agora unicamente sometidas á consecución dos fins da instrución descritos polo artigo 299 da LACrim. De aí que para garantir a seguridade xurídica no cómputo dos novos prazos o lexislador optara por reiniciar o de todas as causas.

A expresión «procesos en tramitación» empregada polo lexislador na disposición transitoria permite entender que, ademais de aos procedementos que se encontren na fase de instrución, a nova redacción do artigo 324 da LACrim será de aplicación a aqueloutros nos que aquela fase xa concluíra. Deste xeito, o novo teor da norma adquire virtualidade para o caso de se producir a revogación do auto de procedemento abreviado ou do auto de conclusión de sumario. En tales supostos o procedemento volverase atopar en trámite de instrución e resultará procedente, por tanto, o reinicio do cómputo dos prazos da fase sumarial.

Así mesmo, o novo artigo 324 da LACrim será de aplicación á posibilidade de practicar as dilixencias complementarias do artigo 780.2 da LACrim cando á entrada en vigor da norma o procedemento se achase en fase intermedia.

En canto á retroactividade das normas procesuais, debe recordarse o principio xeral *tempus regit actum*. Este principio determina que as normas procesuais son aplicables a todos os procedementos en curso desde o momento da súa entrada en vigor. Neste senso, a STC 63/1982, do 20 de outubro (FX 3º), dispón:

A incidencia que o artigo 24 da CE ten sobre as normas procesuais obriga a darlle o tratamento que é propio destas á hora de resolver sobre a súa eficacia no tempo, e segundo a doutrina practicamente unánime, as normas procesuais teñen efecto inmediato, son aplicables a todos os procesos en curso no momento da súa entrada en vigor.

Esta regra procesual, utilizada polo lexislador na disposición transitoria analizada, resulta coherente coa opción asumida polo RDL 16/2020, do 28 de abril, *de medidas procesuais e organizativas para facer fronte ao COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza*, cuxo artigo 2 dispuxo que «[o]s termos e prazos previstos nas leis procesuais que quedasen suspendidos por aplicación do establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se

declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, volverán computarse desde o seu inicio».

13. Cláusula derogatoria

A presente circular derroga a Circular da FXE núm. 5/2015, do 13 de novembro, *sobre os prazos máximos da fase de instrución*.

14. Conclusións

1ª. O artigo 324 da LACrim non desenvolve o dereito fundamental a un proceso sen dilacións indebidas proclamado polo artigo 24.2 da CE, de aí que o incumprimento dos prazos da investigación xudicial non comporte automaticamente lesión daquel dereito fundamental. A cualificación como indebida dunha dilación aparece condicionada á dilixencia na tramitación das actuacións, e non ao mero transcurso dos prazos legais.

2ª. Os prazos do artigo 324 da LACrim aparecen configurados como prazos procesuais cuxo vencemento non provoca a caducidade da instancia ou da acción penal nin produce efecto material ningún.

3ª. Os prazos regulados polo novo artigo 324 da LACrim son prazos xudiciais, na medida en que a súa ampliación non aparece condicionada á actuación das partes do procedemento.

4ª. A nova redacción do artigo 324 da LACrim establece un único prazo de doce meses de duración para a investigación xudicial, prorrogable por sucesivos e ilimitados prazos de ata seis meses, sen máis límite có necesario para a consecución dos fins da instrución.

5ª. O único presuposto esixido para prorrogar a investigación é que o órgano xudicial constate motivadamente a imposibilidade da súa finalización como consecuencia da necesidade de practicar novas dilixencias.

6ª. A regulación actual atribúelle ao órgano instructor o control dos prazos da investigación no seo do proceso penal. O órgano xudicial goza da facultade de decretar de oficio mediante auto a prórroga dos prazos da investigación.

7ª. Os prazos do artigo 324 da LACrim son de exclusiva aplicación ás causas tramitadas como procedemento ordinario e dilixencias previas do procedemento abreviado. Por conseguinte, quedan excluídos do ámbito obxectivo de aplicación do precepto os procedementos ante o tribunal do xurado, para o axuizamento rápido de determinados delitos, por aceptación de decreto e para o xuízo sobre delitos leves.

8ª. O artigo 324 da LACrim establece a data de incoación das actuacións como *dies a quo* para o cómputo dos prazos.

En caso de conversión dun procedemento ante o tribunal do xurado en procedemento ordinario ou de dilixencias previas, o *dies a quo* deberase computar desde a data de incoación destes últimos.

En caso de inhibicións, o *dies a quo* virá determinado pola data do primeiro auto de incoación que se dite.

En caso de acumulacións, o auto de incoación das últimas dilixencias marcará o inicio do cómputo dos prazos do artigo 324 da LACrim.

As/Os señoras/es fiscais procurarán que a actuación xudicial instrutora non quede suspendida de xeito indefinido á espera de que se resolvan os posibles conflitos de competencia que se poidan suscitar, promovendo ante o órgano xudicial que formulara a inhibición o dilixente desenvolvemento da investigación consonte o artigo 25 da LACrim, e mesmo, para o caso de se estimar oportuno, a prórroga da fase de investigación.

9ª. As/Os señoras/es fiscais velarán por que a resolución motivada que decrete a ampliación da investigación xudicial sexa ditada antes da expiración do prazo legal previsto polo artigo 324 da LACrim, tras audiencia ás distintas partes constituídas no procedemento.

10ª. As/Os señoras/es fiscais interporán aqueles recursos que coïden procedentes fronte ás resolucións polas que se acorde ou denegue a ampliación da fase de investigación xudicial de conformidade co réxime xeral en materia de recursos (arts. 216 e ss., e 766, da LACrim).

11ª. O novo artigo 324 da LACrim non prevé ningún suposto de interrupción dos prazos. Non obstante, a suspensión do seu cómputo terá lugar durante o período en que o procedemento se atope sobresido provisionalmente.

En caso de reapertura dun procedemento provisionalmente sobresido retomarase o prazo que reste da investigación xudicial, debendo computarse para efectos do artigo 324.1 da LACrim o tempo transcorrido entre o auto de incoación e o de sobresemento provisional.

12ª. O período de tempo durante o que as actuacións se encontren declaradas secretas será computado consonte o novo artigo 324 da LACrim.

En caso de que as actuacións se atopen en estado de secretas no momento de expiraren os prazos, as/os señoras/es fiscais velarán por que o órgano xudicial conceda audiencia unicamente ao Ministerio Fiscal.

13ª. Serán válidas todas as dilixencias acordadas antes do vencemento do prazo da investigación xudicial, sen prexuízo de que se practiquen ou reciban unha vez esgotado o mesmo, tanto que se trate dunha declaración testemuñal coma dun informe pericial ou dun documento con valor probatorio.

14ª. Carecerán de validez as dilixencias cuxa práctica fora acordada pola autoridade xudicial de modo extemporáneo, inda que foran solicitadas en prazo por calquera das partes.

Igualmente, carecerán de validez aquelas dilixencias que foran acordadas tras resultaren prorrogados os prazos de investigación, cando a resolución pola que se acordou a prórroga resulte revogada.

As dilixencias practicadas daquel modo en ningún caso merecerán ser consideradas ilícitas, senón irregulares, pois o mero incumprimento do prazo procesual regulado polo

artigo 324 da LACrim non permite apreciar vulneración ningunha de dereitos e liberdades fundamentais.

Tales dilixencias non se poderán valorar co obxecto de resolver a transición á fase intermedia do procedemento nin se poderán introducir no acto do xuízo oral pola vía dos artigos 714 e 730 da LACrim. No entanto, nada impedirá que as/os señoras/es fiscais poidan propor que no acto do xuízo oral sexan practicadas aquelas probas que se coiden pertinentes e útiles, inda que as mesmas garden conexión coas dilixencias que foran reputadas non válidas por seren practicadas con infracción dos prazos do artigo 324 da LACrim.

15ª. As/Os señoras/es fiscais velarán por que a autoridade xudicial acorde a práctica da declaración de investigado/a, ou, se for o caso, a declaración indagatoria, con anterioridade á expiración dos prazos da investigación.

Naqueles casos en que expirase o prazo, as/os señoras/es fiscais deberán soste que a declaración da persoa investigada resulta admisible e plenamente válida, atendida a súa condición de garantía procesual.

16ª. O novo artigo 324 da LACrim permite practicar as dilixencias complementarias do artigo 780.2 da LACrim naqueles casos en que o prazo da investigación xa estivera esgotado no momento de concluír a instrución.

17ª. Os prazos do artigo 324 da LACrim non resultan de aplicación ás dilixencias cuxa práctica fora decretada polo órgano de axuizamento durante a fase de xuízo oral consonte o artigo 746.6º da LACrim, co obxecto de desenvolver unha sumaria instrución complementaria.

18ª. As/Os señoras/es fiscais poden practicar actividade de investigación extraprocesual a fin de acadar elementos ou fontes de proba que permitan lograr a reapertura dos procedementos sobresidos unha vez expirados os prazos do artigo 324 da LACrim.

A actividade investigadora do Ministerio Fiscal limitarase nestes casos á tramitación daquelas concretas dilixencias cuxa práctica non tivo lugar durante a fase de investigación xudicial. A anterior posibilidade será levada a efecto polas/os señoras/es fiscais coa necesaria prudencia, debendo solicitarse a reapertura do procedemento

xudicial previamente sobresido cando se chegue a coñecemento de revelacións e/ou novo material probatorio suficientes para tal fin e que non constasen previamente na causa.

En tales supostos, as/os señoras/es fiscais deberán documentar a actividade desenvolta e mais o resultado das concretas actuacións practicadas no marco das dilixencias de investigación que haberá que incoar para o efecto. Igualmente, procederán á súa íntegra entrega ante o órgano xudicial competente cando o practicado resulte relevante para a investigación ou para a persoa investigada, sexa favorable ou adverso.

No momento de achegar o resultado daquelas dilixencias, as/os señoras/es fiscais solicitarán do órgano xudicial a adopción da resolución que ao seu xuízo proceda, pedindo ou ben a reapertura do procedemento co conseguinte ditado do auto de acomodación aos trámites do procedemento abreviado ou petición de revogación do auto de conclusión de sumario, ou ben o ditado de auto de sobresemento libre ou o mantemento da situación de sobresemento provisional.

19ª. Conforme a disposición transitoria da Lei 2/2020, do 27 de xullo, o cómputo dos prazos regulados polo artigo 324 da LACrim débese entender reiniciado respecto de todas as causas en tramitación, configurándose a data de entrada en vigor da lei –29 de xullo de 2020– como novo *dies a quo* da totalidade dos procedementos en curso, e como novo prazo a computar o dos doce meses previstos con carácter xeral polo citado precepto.

A expresión «procesos en tramitación» permite estender a aplicación do novo precepto, ademais de aos procedementos que se atopen en fase de instrución, aos supostos en que teña lugar a revogación do auto de procedemento abreviado ou do auto de conclusión do sumario, así como á posibilidade de practicar dilixencias complementarias naqueles procedementos que se encontren en fase intermedia.

En razón de todo o exposto, co propósito de adoptar un criterio uniforme na interpretación do novo artigo 324 da LACrim, as/os señoras/es fiscais ateranse de agora en diante ás prescricións da presente circular.

Madrid, 8 de abril de 2021

A FISCAL XERAL DO ESTADO

Dolores Delgado García

**EXCMAS./OS. E ILMAS./OS. SEÑORAS/ES FISCAIS DE SALA, FISCAIS
SUPERIORES, FISCAIS XEFES PROVINCIAIS E DE ÁREA**